

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN LUGO O 12 DE MAIO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Lourenzá dun tramo antigo da estrada LU-122, xunto co seu dominio público viario (DPV), no lugar de Oural.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se dispón o cesamento de María del Carmen Martínez Ínsua como directora xeral de Patrimonio Cultural.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Patrimonio Cultural a Ángel Miramontes Carballada.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, para o desenvolvemento da Cátedra Institucional "O Camiño de Santiago e as Peregrinacións" período 2025-2027, por importe de cento vinte mil euros (120.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón dos investimentos na provincia de Lugo en edificios administrativos e xudiciais no período 2009-2025.
- Acordo polo que se toma razón das principais actuacións en infraestruturas deportivas na cidade de Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, con relación á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por importe dun millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón das actuacións financiadas pola Dirección Xeral de Administración Local nos concellos da Comarca de Lugo no ano 2024.
- Acordo polo que se toma razón do informe sobre a implantación da concesión XG635 e da primeira Liña Conecta de Galicia.
- Acordo polo que se toma razón da evolución das tarifas "Xente Nova" (TMGXN) e +65 no ámbito do Concello de Lugo.
- Acordo polo que se toma razón do estado de execución das obras da "Terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo da estación ferroviaria integradas na área de transporte intermodal de Lugo".
- Acordo polo que se toma razón do inicio do procedemento para a implantación dun aparcadoiro disuasorio na zona da rolda das Fontiñas, na cidade de Lugo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e ACEESCA, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecentos corenta e dous euros con corenta céntimos (17.942,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines, AMENCER-ASPACE para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade en tres centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de trinta e dous mil douscentos noventa e seis euros con trinta e dous céntimos (32.296,32€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e AMICOS, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de quince mil trescentos setenta e nove euros con vinte céntimos (15.379,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de once mil setecentos noventa euros con setenta e dous céntimos (11.790,72€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (ASPACE) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dezoito mil catrocentos cincuenta e cinco euros con catro céntimos (18.455,04€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (ASPANAES) para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de sesenta e oito mil setecentos cincuenta euros con setenta e dous céntimos (68.750,72€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de once mil douscentos setenta e oito euros con oito céntimos (11.278,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de trinta e oito mil catrocentos corenta e oito euros (38.448,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades, Formación Profesional e o Centro Juan María-Asociación Esperanza Valle Miñor para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecentos corenta e dous euros con corenta céntimos (17.942,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e un mil cincocentos trinta euros con oitenta e oito céntimos (21.530,88€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de oito mil douscentos dous euros con vinte e catro céntimos (8.202,24€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial Pontevedra en Pontevedra, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVIGO) para completar as axudas dos programas Grants do Consello Europeo de Investigación (ERC), por un importe total de novecentos setenta e cinco mil euros (975.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a dotación de auxiliares de conversa nos centros educativos públicos galegos para o curso 2025/26, e se autoriza a plurianualidade do gasto nel previsto, por un importe total de tres millóns oitocentos setenta e dous mil catrocentos euros (3.872.400,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto da licitación das obras de remodelación para a implantación do novo modelo residencial de maiores da Xunta de Galicia na Residencia de Maiores As Gándaras en Lugo incluído dentro do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEU" polo procedemento aberto. Importe de licitación: oito millóns seiscentos vinte e cinco mil seiscentos sesenta e sete euros con dous céntimos (8.625.667,02 €). Valor estimado: sete millóns oitocentos corenta e un mil cincocentos quince euros con corenta e sete céntimos (7.841.515,47 €).
- ACORDO polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes na Residencia de maiores de Antas de Ulla. Importe de licitación: dous millóns novecentos setenta e seis mil sesenta e catro euros (2.976.064,00€). Valor estimado: oito millóns cincocentos oitenta e nove mil cincocentos catro euros (8.589.504,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Saúde Mental "A Mariña", para o mantemento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero. Importe: cento sesenta e sete mil euros (167.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Lugo, para o mantemento do Centro de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero dependente do concello. Importe: cento corenta e nove mil oitocentos cincuenta euros (149.850,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba a Iniciativa Estratéxica de Aeroespazo, Seguridade e Defensa.
- Acordo polo que se toma razón da aprobación inicial por Resolución do 6 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, do Proxecto de Urbanización e electrificación da ampliación do Parque Empresarial de Palas de Rei – Fase III (Lugo).
- Acordo polo que se toma razón da autorización por parte da sociedade Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. para o inicio por Norvento das obras de edificación na parcela B1-B2 da fase VII.a do parque empresarial das Gándaras (Lugo) de forma simultánea ás obras de urbanización de Xestur.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación dos servizos de desenvolvemento evolutivo do sistema CENPOS de xestión integral de centros da Área de Política Social, e do sistema de xestión do censo de residentes CENRES, cofinanciado pola Unión Europea nun 60% con cargo ao Programa de Galicia Feder 2021-2027, por un orzamento de licitación (IVE incluído) de tres millóns seiscentos vinte e nove mil trescentos noventa e cinco euros (3.629.395,00€) e un valor estimado de cinco millóns novecentos noventa e nove mil euros (5.999.000,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Cospeito, para a execución das obras de Ensanche e mellora da rúa Curros Enríquez na Feira do Monte, por un importe de cincocentos dezaoito mil trescentos noventa e un euros con un céntimo (518.391,01 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra para a construción dun edificio para aloxamentos compartidos de promoción pública na rúa Illa Coelleira, Lugo, cun orzamento base de licitación de trescentos catro mil cincocentos oito euros con quince céntimos (304.508,15 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza no Hospital Público de Verín e Hospital Público de Valdeorras, dependentes da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras (2 lotes), por un orzamento base de licitación, IVE incluído, de seis millóns douscentos cincuenta e dous mil novecentos dezaioito euros con sesenta e dous céntimos (6.252.918,62 €), e un valor estimado sen IVE de nove millóns seiscentos corenta e seis mil trescentos setenta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (9.646.375,83 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos intracentro de todos os locais e instalacións interiores e exteriores do Hospital Público da Mariña, de Burela (Lugo), centro pertencente a Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un importe total de licitación de sete millóns catrocentos vinte e seis mil oitocentos oito euros con setenta e dous céntimos (7.426.808,72 €) c/IVE e un valor estimado de doce millóns douscentos setenta e cinco mil setecentos dezaseis euros con oitenta e nove céntimos (12.275.716,89 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de sensores e posta á disposición do equipamento necesario para a monitorización non invasiva de pacientes con destino as áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, tramitado con número de expediente SI-ASL1-25-005 para un período de tres anos de contrato máis dous anos de prórroga e cun orzamento de seis millóns seiscentos oitenta e catro mil oitocentos oitenta e tres euros con doce céntimos (6.684.883,12 €) IVE incluído e un valor estimado de dez millóns trescentos doce mil setecentos sesenta e sete euros con trinta e seis céntimos (10.312.767,36€).
- Acordo polo que se toma razón da licitación da obra do Centro de Saúde de Antas de Ulla na provincia de Lugo, por importe de un millón setecentos cincuenta e oito mil novecentos noventa e sete euros con setenta e seis céntimos (1.758.997,76 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para eximir de garantías e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e do programa de incentivos ás empresas de inserción e ás súas entidades promotoras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, por importe total de vinte e oito millóns cincocentos corenta mil euros (28.540.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón do encargo da redacción do proxecto para as obras de urbanización e mellora de saneamento da zona portuaria de Celeiro, que terán un orzamento base de licitación de trescentos sesenta e tres mil euros (363.000,00 €) IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade da Coruña para a realización do proxecto "Proxecto de estudo técnico e manexo de diversas especies de macroalgas de especial importancia en Galicia. (ALGAPROX)", para o período 2025-2026, por importe de sesenta e un mil euros (61.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a resolución de concesión de subvencións ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, con carácter plurianual, por un importe de once millóns cincuenta e catro mil trescentos trinta e un euros con sesenta e dous céntimos (11.054.331,62€).
- Informe sobre o proxecto de reforma e melloras de accesibilidade e da eficiencia enerxética do Hotel Pousada de Portomarín.
- Informe sobre a actuación da Xunta de Galicia ante o apagamento masivo e posibles medidas para implementar.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións hidráulicas na provincia de Lugo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a reacreditación do Campus Terra como Campus de Especialización: avance da avaliación externa.
- Informe sobre as bases de colaboración entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia para a dotación de auxiliares de conversa nos centros educativos públicos galegos para o curso 2025/26.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe da licitación de obras de remodelación da Residencia de Maiores "A Milagrosa" en Lugo incluído dentro do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU".

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as actuacións levadas a cabo polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) coa Fundación CEL Iniciativas por Lugo.
- Informe sobre os resultados do convenio plurianual de colaboración asinado entre a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e a Universidade de Santiago de Compostela para fomentar o emprego do castiñeiro e a súa contribución na descarbonización do sector da construción.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre as actuacións en materia de vivenda e urbanismo en Lugo.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia dos traballos de revisión e substitución de falsos teitos, así como das obras e servizos necesarios para o traslado provisional do Hospital Materno Infantil de Ourense.
- Informe sobre o desenvolvemento do Plan de infraestruturas de Atención Primaria na cidade de Lugo: balance de funcionamento do Centro Integral de Saúde e previsións sobre os centros de saúde da Milagrosa e O Sagrado Corazón.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o Plan de conservación e xestión da muralla romana de Lugo.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as obras nos novos locais destinados ás oficinas de emprego de Sarria e de Vilalba.
- Informe sobre as actuacións levadas a cabo nos polos de emprendemento da provincia de Lugo.
- Informe sobre os programas de Retorno da Secretaría Xeral da Emigración na provincia de Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a execución do PEPAC en Galicia.
- Informe sobre a creación da nova oficina de servizos gandeiros da Pastoriza.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe dos proxectos e actuacións de Portos de Galicia na provincia de Lugo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ÁNGEL MIRAMONTES COMO DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Doutor en Xeografía pola Universidade de Santiago de Compostela, substitúe no cargo a M^a del Carmen Martínez, quen cesa no cargo por petición propia despois dunha longa traxectoria de máis dunha década dedicada á preservación e coidado do patrimonio

O Consello da Xunta aprobou o nomeamento de Ángel Miramontes como director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en substitución de M^a del Carmen Martínez, que cesa no cargo por petición propia e despois dunha longa traxectoria de máis dunha década dedicada á preservación e coidado do patrimonio.

Ángel Miramontes é doutor en Xeografía pola Universidade de Santiago de Compostela, experto en Sistemas de Información Xeográfica e especialista en Ordenación e Planificación Territorial. Ademais, ata este momento, exercía como profesor no departamento de Xeografía da USC, dirixía o Centro de Estudos Eurorrexionais de Galicia e Norte de Portugal e forma parte do grupo de investigación de Análise Territorial do Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia.

Agora asume este departamento co obxectivo de seguir avanzando na posta en valor dos bens máis senlleiros, acadar o máximo recoñecemento da Unesco para a Ribeira Sacra, avanzar na execución do Plan Catedrais de Galicia, fomentar o respecto e coidado polo patrimonio e establecer novas follas de ruta dirixidas a garantir a conservación dos bens e monumentos de todo o territorio.

Recoñecemento a unha dilatada traxectoria

María del Carmen Martínez Insua (Santiago de Compostela, 1964), cesa por petición propia tras unha longa carreira na Xunta de Galicia, especialmente no ámbito do patrimonio cultural.

Licenciada en Dereito, comezou a súa carreira na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas como asesora técnica xurídica, pasando a continuación a desenvolver cargos na Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes. Tras isto, pasou a prestar servizo na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, onde de 2009 a 2013 desempeñou o posto de subdirectora xeral de construcións.

Desde o 1 de febreiro de 2013 é responsable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural cun relevante papel na elaboración da Lei 5/2016, do patrimonio cultural, ou en intervencións tan importantes para Galicia como foi a restauración da Catedral de Santiago, que no ano 2020 puido reinaugurarse en todo o seu esplendor 800 anos despois da súa construción. Así mesmo, no eido do Patrimonio da Humanidade, o seu traballo tamén foi fundamental para acadar o recoñecemento da Unesco para o Camiño de Santiago do Norte ou para a elaboración do expediente da Ribeira Sacra que se avaliará no comité internacional do vindeiro ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA AUTONÓMICA LU-122 A PROL DO CONCELLO DE LOURENZÁ

- Trátase dun treito de case 200 metros situado no lugar de Oural, na parroquia de San Tomé
- O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada autonómica LU-122 (Paraxes-Lourenzá), xunto co seu dominio público viario, a prol do Concello de Lourenzá.


O Concello solicitara este traspaso para o citado treito, situado na marxe dereita da estrada, no lugar de Oural, parroquia de San Tomé, e con case 200 metros de lonxitude (vai desde o actual p.q. 25+350 ao 25+590). A modificación do trazado da estrada LU-122 fixo que este treito antigo quedara en desuso, relegando o seu servizo ás edificacións e veciños situados nesa marxe.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Correspóndelle ao Concello de Lourenzá, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xuntamos plano do treito cuxa titularidade se transfire:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA USC E A CATEDRAL PARA CONTINUAR A INVESTIGACIÓN XACOBEOA COA CÁTEDRA CAMIÑO DE SANTIAGO

O novo convenio dará continuidade ao desenvolvemento de actividades académicas, científicas, culturais, de comunicación e de I+D+ i nas diferentes ramas do coñecemento

O Consello da Xunta aprobou o convenio que dá continuidade á cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións para o período 2025-2027. Este acordo asínase entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a S.A.M.I. Catedral de Santiago e destina un total de 120.000€ para os tres anos que abrangue.

En concreto, o convenio establece o compromiso da Xunta a colaborar economicamente na consolidación da cátedra, mentres que a USC deberá desenvolver as actuacións establecidas e a Catedral de Santiago porá a sede da cátedra, no Centro Internacional de Acolida aos Peregrinos.

A cátedra ten por fin fomentar a investigación, docencia e difusión dos coñecementos do Camiño de Santiago e a peregrinación, para o que se propón distintos obxectivos relativos ao desenvolvemento de actividades académicas, científicas, culturais, de comunicación e de I+D+ i nas diferentes ramas do coñecemento.

Entre outros obxectivos, o convenio establece que se promoverá a difusión dos valores asociados ás rutas xacobeas, se favorecerá a organización de cursos, seminarios e outras propostas académicas, se colaborará con distinto profesorado e departamentos universitarios, e se establecerá un fondo bibliográfico e documental sobre o tema.

Para isto, propónse a realización de distintas iniciativas, como poden ser actividades divulgativas, bolsas ou contratos, premios, prácticas ou publicacións. Ademais, o convenio establece que a Axencia e a Catedral colaborarán coa Cátedra na visibilización e promoción dos proxectos que se desenvolvan.

Este convenio engade un novo capítulo nunha colaboración que se remonta a agosto de 2016, cando se creou a cátedra. Desde entón, a través de distintos acordos, foi renovándose de forma periódica, ata decembro de 2024. A actualización que se asinará proximamente amplía a súa contía, que desde 2017 estaba fixada en 30.000€ anuais, ata os 40.000€ anuais. Por tanto, o orzamento total alcanza os 120.000€. O acordo estará vixente ata o 31 de decembro de 2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 3M€ EN ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN CATRO XULGADOS DA PROVINCIA DE LUGO

- As actuacións levaranse a cabo nos edificios xudiciais de Lugo, Viveiro, Monforte de Lemos e Vilalba, e tamén se reservan outros 100.000 euros ao mantemento das infraestruturas administrativas
- Os investimentos do Goberno galego en edificios administrativos e xudiciais da provincia supera os 5M€

O Consello da Xunta fixo balance hoxe dos investimentos na provincia de Lugo en edificios administrativos e xudiciais desde 2009 por máis de 5 millóns de euros, dos que 3,3 millóns corresponden a actuacións en edificios administrativos como a mellora da eficiencia enerxética da delegación da Xunta en Lugo e case 2 millóns a actuacións nos xulgados da provincia, como as levadas a cabo na Audiencia Provincial de Lugo e en xulgados como os de Chantada, Becerreá, Mondoñedo, Sarria, ou Viveiro.

De cara aos próximos anos, a Xunta prevé levar a cabo obras de eficiencia enerxética nos xulgados de Lugo, Viveiro, Monforte de Lemos e Vilalba, que suporán un investimento de 3 millóns de euros. As obras enmárcanse nos proxectos deste tipo en case unha decena de instalacións xudiciais de toda Galicia por importe de 5,6 millóns de euros. Ademais das actuacións nos catro edificios xudiciais da provincia lucense, prevense melloras noutros xulgados da comunidade, en concreto, en Caldas de Reis, A Coruña, Ferrol, O Porriño, O Carballiño e Corcubión.

Os traballos previstos centraranse na mellora da envolvente dos edificios, sobre todo no que se refire ao illamento de cubertas e fachadas, así como a instalación de sistemas de calefacción e climatización máis eficientes ou a mellora da iluminación con lámpadas de baixo consumo. Ademais, realizaranse outras obras de mantemento dos xulgados da provincia que suporá unha achega doutro millón de euros.

A Xunta aposta por unha xustiza con infraestruturas máis modernas e sustentables para que, de maneira progresiva, os edificios e xudiciais respondan á súa función, sendo máis seguros, accesibles, sustentables, funcionais e confortables. Así, contribúese a ofrecer un servizo de calidade á cidadanía nunhas instalacións confortables tanto para as persoas usuarias como para os profesionais da Administración de xustiza.

Por outra parte, no que se refire ás infraestruturas administrativas de Lugo, están previstas obras de mantemento e de conservación co obxectivo da mellora das condicións de confort de todo o persoal ao servizo da administración e da cidadanía que acoden a estes edificios a realizar algún tipo de xestión. Do mesmo xeito, contribúese á redución do consumo enerxético e á conservación do patrimonio da comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVALÍA AS INVERSIÓNS DA XUNTA NA CIDADE E PROVINCIA DE LUGO EN ÁREAS COMO A EDUCACIÓN, A VIVENDA OU O SANEAMENTO

- Realizáronse obras nunha vintena de centros escolares da cidade ao abeiro do Plan de nova arquitectura pedagóxica por máis de 14 M€ e estase a rehabilitar o IES Lucus Augusti
- Destaca que o Goberno autonómico puxo en marcha 519 vivendas protexidas no último ano
- Están en marcha diferentes actuacións para mellorar as redes de abastecemento, saneamento e depuración de augas na provincia en que se invisten máis de 36 M€
- Lembra que a Xunta destina case 14 M€ á futura estación intermodal
- A reforma do estadio Anxo Carro, na cal se inviste 3,8 M€, estará rematada para a tempada 2026-2027
- O Goberno autonómico achega 6 M€ para melloras nas infraestruturas portuarias da Mariña

O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, avaliou hoxe informes de diferentes departamentos autonómicos que dan conta dos últimos compromisos e investimentos levados a cabo polo Executivo galego na cidade e provincia de Lugo e que “suman máis de 100 millóns de euros”, entre actuacións xa rematadas, en execución ou que se van iniciar nos vindeiros meses.

Tal e como destacou o presidente, no eido educativo Lugo é unha das cidades galegas onde máis se ten intervido no marco do Plan de nova arquitectura pedagóxica, “máis de 14 millóns de euros nunha vintena de obras” en centros escolares da cidade. Ademais, na actualidade, a Xunta está a executar a rehabilitación integral dun dos edificios máis senlleiros da cidade, o conxunto histórico do IES Lucus Augusti, cun investimento de 3,3 millóns de euros. Está previsto que as obras estean rematadas para o inicio do vindeiro curso 2025/26.

A isto hai que engadir outras actuacións xa rematadas como a da central de biomasa que dá servizo a varios edificios públicos (2,2 millóns), o novo edificio de cocinas de FP do Instituto IES Sanxillao (1,8 millóns), a rehabilitación integral do Instituto IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (1,6 millóns) e do Instituto IES Ánxel Fole (1,4 millóns), o novo edificio dos talleres de FP do CIFP Politécnico (1,2) ou a rehabilitación integral da Escola Superior de Arte e Deseño Ramón Falcón (1,04M€)

Vivenda

O presidente do Executivo galego sinalou que a Xunta puxo en marcha un total de 519 vivendas de promoción pública na cidade de Lugo durante os últimos doce meses. Estes inmobles enmárcanse no compromiso do Goberno galego de “duplicar o parque público residencial nesta lexislatura” e están situadas no barrio de Garabolos. Delas, xa están adjudicadas as obras para dos edificios de 76 e 70 vivendas en dúas parcelas na rúa Paulo Fabio Máximo, en que se investirán 28,1 millóns. Os traballos iniciáranse no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vindeiro mes de xuño. Ademais, está licitada a redacción dos proxectos para construír 178 e 145 vivendas noutras dúas parcelas de Garabolos.

Por outra banda, a Xunta vai construír 100 vivendas públicas nas parcelas acadadas nunha permuta co Concello de Lugo e, ao abeiro da Estratexia galega de solo residencial, avanza na adxudicación do Proxecto de interese autonómico (PIA) que permitirá desenvolver na cidade de Lugo o ámbito do barrio Sagrado Corazón. Nesta contorna prevese que se poidan construír 1.200 vivendas, a meirande parte protexidas.

Outro dos eixes de actuación que está a abordar o Goberno galego para enfrontar o reto da vivenda é a rehabilitación, centrada, no caso de Lugo, no barrio da Tinería. Nesta contorna do conxunto histórico, a Xunta xa ten rehabilitados 40 inmobles, que permitiron habilitar 96 vivendas, cun investimento ata agora de 26 millóns de euros. E a Xunta segue avanzando nesta recuperación desta zona co desenvolvemento urbanístico da UI-8, espazo situado entre a muralla e o Pazo de Dona Urraca, en que se creará unha praza pública e se construírán novas vivendas de promoción pública.

Melloras na rede de saneamento e abastecemento de auga e depuración

O Goberno autonómico continúa co seu apoio aos concellos para modernizar e mellorar as redes de abastecemento, de saneamento e a depuración da auga para ofrecer un servizo seguro e de calidade aos cidadáns. Segundo sinalou o presidente, na actualidade a Xunta conta con diferentes actuacións en marcha na provincia de Lugo que suman 36 millóns de euros: a futura EDAR de Ribadeo, cun custo de 14,8 millóns ata 2031; os traballos de construción da depuradora de Foz, por un importe de 12 millóns e con remate en 2027, ou a fase I da actuación nos colectores xerais na zona portuaria de Burela, cun orzamento de 4,4 millóns.

Melloras nas infraestruturas portuarias

Pola súa banda, a Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, executa obras por importe de 6 millóns de euros nos peiraos da Mariña lucense en dous anos. O ente público destina 3,1 millóns de euros a obras en execución ou cuxo inicio se prevé para as vindeiras semanas. A esta cifra súmanse outros 2,7 millóns en obras rematadas nos últimos meses.

Na actualidade está a reforzarse o dique de abrigo do porto de Burela coa chegada de 160 bloques de formigón de 56 toneladas, cun investimento de 1,8 millóns de euros. En San Cibrao acondicionáronse os 10 locais de armadores, unha obra que conta con 365.000 euros de orzamento. E, finalmente, estase a desenvolver o convenio asinado por Portos de Galicia e o Concello de Ribadeo para a mellora do acceso ao porto de Mirasol. O Concello asume a licitación e execución das obras mentres que Portos de Galicia financia os traballos por importe de 450.000 euros. Ademais, nas vindeiras semanas darán comezo os traballos de renovación de luminarias con tecnoloxía LED de control telemático que permitirá un aforro enerxético estimado do 60 % nos portos de Ribadeo, Burela e Viveiro-Celeiro cun orzamento de 315.000 euros para os tres portos. Igualmente, está previsto o inicio inminente dos traballos de renovación de firmes e pavimentos nos mesmos portos, cun investimento total de 183.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, o informe presentado hoxe a Consello da Xunta recolle tamén as actuacións recentemente rematadas por Portos de Galicia na Mariña lucense. Así constan a ampliación das instalacións de atracada para embarcacións menores no porto de Celeiro-Viveiro, en que o ente público investiu 650.000 euros para a dotación de 70 novas prazas. Tamén figura a dragaxe do porto de Ribadeo, que supuxo un investimento de 2 millóns de euros, e a estabilización do peirao do Vicedo, á cal se destinaron 55.000 euros para o recalzo da estrutura e pavimentación da superficie.

Por outra banda, o Consello da Xunta de hoxe tomou razón tamén do encargo do contrato para a redacción do proxecto de obras para a canalización do saneamento no porto de Celeiro-Viveiro. Estas obras están orzadas en 363.000 euros e permitirán renovar a canalización de augas na rúa do Porto en Celeiro.

Mobilidade

A Xunta avanza nas obras da estación intermodal de Lugo para dotar a cidade dunhas instalacións de transporte público modernas e accesibles, un proxecto que conta cun orzamento de 49 millóns de euros e que está a construírse a través dun convenio entre Executivo autonómico, Adif e Concello de Lugo.

Rueda sinalou que o Goberno autonómico destina “máis de 13,7 millóns de euros” á construción do aparcadoiro da estación ferroviaria -con 240 prazas e que está previsto estea rematado este ano- e á construción da terminal de autobuses, cuxas obras rematarán no cuarto trimestre de 2026.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes presentou tamén no Consello dous informes sobre diferentes iniciativas para fomentar o transporte público e o seu impacto na cidade de Lugo. Por unha banda, os datos de 2024, indican que máis de 10.300 veciños se beneficiaron de descontos no autobús interurbano grazas a Tarxeta +65 (5.000 usuarios) e a Tarxeta Xente Nova (máis de 5.200) que permiten viaxar de balde no transporte autonómico. En conxunto, as persoas beneficiarias de ambas as medidas en Lugo realizaron en 2024 máis de 112.100 viaxes gratuítas, e as bonificacións da Xunta para compensar a súa aplicación superaron os 286.300 euros.

E por outra parte, a Consellería de Presidencia informou hoxe sobre o balance dos tres primeiros meses do funcionamento da nova concesión de autobús entre A Coruña, Lugo e A Mariña, que rexistrou entre xaneiro e marzo máis de 100.000 usuarios. Desta cifra, destacan os 16.200 usuarios da Liña Conecta entre A Coruña e Lugo, que supoñen o 16 % do total da concesión.

Eido laboral

O Consello fixo balance hoxe do labor dos cinco Polos de emprendemento da provincia de Lugo (A Fonsagrada, Friol, Mondoñedo, Monforte de Lemos e Sarria) -dos 15 distribuídos por toda Galicia- que favoreceron a creación de 60 novas empresas desde novembro de 2022 e atenderon desde os seus inicios arredor de 900 proxectos. Deles, 630 seguen activos e son asesorados nas oficinas dos polos, se así o requiren.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por sectores, o que predomina é a hostalaría (20 %), seguido do comercio (15 %) e os servizos (12 %). Ademais, máis dun 4 % dos proxectos atendidos son específicos de remuda, é dicir, proxectos que queren ser traspasados por diferentes motivos e aos cales o Polo facilita o *match* con persoas que se queren facer cargo deles, favorecendo o mantemento de negocios rendibles.

Por outra parte, no marco do proceso de modernización do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), Rueda lembrou que a Xunta avanza na mellora da rede de oficinas de emprego da provincia de Lugo, cun investimento total que supera os 1,4 millóns de euros só para as novas sedes das oficinas de Vilalba e Sarria. No caso de Vilalba, xa están en marcha as obras de remodelación da futura sede —situada nun local propiedade da Xunta na rúa das Pedreiras, 8— por un importe de máis de 755.000 euros e cuxo remate está previsto para o último trimestre do ano. Pola súa banda, en Sarria, estase a avanzar na futura nova oficina que se localizará na rúa Formigueiros, 13, nun local tamén propiedade da Administración autonómica de 375 m². Neste caso, está prevista no segundo semestre do ano a licitación da redacción do proxecto de acondicionamento, cun orzamento estimado de 650.000 euros.

Apoio aos retornados

En relación cos programas enmarcados na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, destaca o labor da Oficina integral de asesoramento e seguimento ao retorno de Lugo. O titular do Executivo galego sinalou que desde a súa apertura en 2020, facilitou a integración social, laboral e administrativa de máis de 1.300 familias que “decidiron retornar á provincia” e atendeu máis de 3.000 consultas. Ademais, desde o ano pasado, a Oficina móbil do retorno visitou preto de 30 concellos rurais de Lugo.

Desde 2018 lévanse beneficiados preto de 800 galegos e galegas que, en moitos casos xunto ás súas familias, retornaron á provincia de Lugo cun investimento global por parte da Xunta de máis de 3 millóns de euros. Todas estas iniciativas contribúen á reactivación social e económica de concellos rurais, á incorporación de novos perfís profesionais ao tecido produtivo e ao asentamento de proxectos vitais e empresariais con perspectiva de futuro. De feito, segundo os últimos datos, retornaron galegos desde o estranxeiro a 62 concellos da provincia, o 64 % asentáronse no ámbito rural.

Eido económico

O Consello da Xunta tamén avaliou a execución do convenio de colaboración que o Goberno galego, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), e a Universidade de Santiago, por medio da Plataforma da madeira estrutural do Campus de Lugo (PEMADE), están a desenvolver para impulsar o I+D+I no sector forestal e o fomento do emprego da madeira de castiñeiro na construción. Ata a data xa se ten constatado un notable incremento no número de usuarios do software gratuito de aproximación ao cálculo estrutural Trabe, que conta xa con máis de 2.000 usuarios, así como os avances nos ensaios de laboratorio e fabricación de prototipos mixtos con formigón e madeira co propósito de reducir a cantidade de formigón que se emprega na construción e, por extensión, a pegada de carbono.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, o Consello coñeceu o balance das actuacións levadas a cabo polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo para fortalecer o ecosistema empresarial lucense a través da innovación e do emprendemento tecnolóxico. Un apoio que na actualidade se canaliza a través de dúas iniciativas: a *Business Factory Aero* (BFAero), a aceleradora que Igape e Fundación CEL están a desenvolver grazas ao convenio de colaboración asinado por un importe de 7,5M€ para o período 2025-2027; e unha nova fase do programa Conecta Lugo para impulsar a competitividade das pemes da provincia.

Outras actuacións

O Consello da Xunta tamén avaliou na xuntanza de hoxe o informe das actuacións financiadas pola Dirección Xeral de Administración Local dirixidas aos concellos que conforman a comarca de Lugo en 2024. En total, os oito municipios recibiron o ano pasado 671.459 euros en axudas para desenvolver un total de 19 proxectos municipais.

Por último, o Executivo autonómico coñeceu os avances na reforma do estadio Anxo Carro en que a Xunta inviste máis de 3,8 M€. A primeira e segunda fase do proxecto, que se ocuparán da bancada norte e da bancada oeste, levaranse a cabo entre xullo e setembro de 2025. A terceira fase, correspondente á bancada sur, entre agosto de 2025 e marzo de 2026. A cuarta e última fase terá lugar entre xaneiro e xuño de 2026, polo que, a actuación estará rematada para o comezo da tempada 2026/2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SACARÁ UNHA NOVA LIÑA DE SUBVENCÍONS PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS QUE CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 1,5 M€

En 2023 levouse a cabo a primeira orde específica para material de deporte adaptado e desde 2019, a Xunta investiu 12 millóns de euros para a adquisición de equipamentos deportivos

O Consello da Xunta autorizou a orde de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos para o ano 2025 que contará cun orzamento de preto 1,5 millóns de euros (1.440.000 euros). As subvencións están destinadas aos clubs deportivos galegos, sociedades anónimas deportivas e as federacións deportivas galegas que poderán recibir anticipos dos pagamentos ata ao 100 % da subvención concedida.

Este crédito distribúese en dúas liñas en función da natureza dos destinatarios. A primeira delas será para os clubs deportivos e sociedades anónimas deportivas (1.162.000 euros), mentres que a segunda será para as federacións deportivas (278.000 euros). Dentro de cada unha das liñas, destinarase ata un 40 % do crédito para a adquisición de equipamento destinado á mobilidade como son as 'furgonetas e vehículos a motor de transporte de deportistas e material de competición e adestramento como embarcacións'.

En ambas as dúas liñas subvencionarase ata un máximo de 10.000 euros para o equipamento destinado á mobilidade e ata un máximo de 5.000 euros para o resto do material. En total, a Xunta sufragará o 80 % do custo do equipamento subvencionado. O prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación será ata o 31 de outubro de 2025.

Cómpre salientar que esta liña de subvencións para equipamento deportivo chega despois de que en 2023 se levase a cabo a primeira orde específica para equipamentos de deporte adaptado pola que se concederon axudas por importe de 227.000 euros. Con anterioridade, en 2022, a Xunta acadou o récord histórico de investimento neste sentido con máis de 4,6 millóns de euros para equipamentos deportivos. En total, desde o exercicio 2019 e sumando esta nova liña, o Goberno galego destinou un total de 12 millóns de euros a subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PREVÉ AUMENTAR OS APARCADOIROS DISUASORIOS EN LUGO COA HABILITACIÓN DUN ESPAZO NA RONDA DAS FONTIÑAS

- O Consello tomou razón do inicio do procedemento para a implantación desta área de estacionamento, que contará con 70 prazas
- Quérese así darlle resposta a unha vella demanda da cidadanía, atendendo as necesidades da veciñanza, dos comerciantes e dos empresarios do barrio

O Consello da Xunta acordou dirixirse ao Concello de Lugo para iniciar o procedemento co que habilitar un aparcadoiro disuasorio na cidade de Lugo situado na zona da Ronda das Fontiñas, do que o Goberno galego asumirá a construción tras a análise técnica e o diálogo coa cidadanía. Quérese así darlle resposta a unha vella demanda do barrio de Fontiñas, que conta cunha elevada densidade de poboación e escaseza de estacionamento, ao tempo que se impulsa a mobilidade sostible na cidade.

A proposta busca atender tanto as necesidades da veciñanza como dos empresarios e comercios da zona, e permitirá a creación de 70 novas prazas de aparcamento. Segundo recolle o informe presentado, para o acceso aproveitarase o carril dos Paxariños ata a cota máis baixa, onde se proxecta unha rampla de acceso ata o nivel do aparcadoiro. Para os peóns rehabilitarase unha escaleira existente. As obras requirirán de movemento de terras, execución de muros, instalacións de drenaxe, firmes e barreiras de seguridade.

O aparcadoiro na Ronda das Fontiñas sumarase ao xa construído pola Xunta na Avenida de Breogán, e que está pendente de ser recepcionado por parte do Concello. Trátase dunha infraestrutura de 5.700 metros cadrados que supuxo un investimento de 1,2 millóns de euros no marco da mellora da zona do barrio da Residencia, á que o Goberno galego destinou máis de 32 millóns de euros e que supuxo a posta en marcha de servizos como o Centro de Saúde, a Oficina de Emprego ou a residencia de maiores.

Así mesmo, o informe presentado hoxe ao Consello inclúe tamén os proxectos de apertura das áreas de estacionamento dos institutos Nosa Señora dos Ollos Grandes e Lucus Augusti. Así, unha vez convocada a Xunta Local de Seguridade aprobarase o borrador definitivo do convenio entre a Xunta e o Concello para uso destes espazos. No primeiro caso, poranse á disposición da veciñanza máis de 60 prazas en horario compatible coa actividade lectiva. No caso do Lucus Augusti, agardarase ao remate das obras de rehabilitación integral do centro cun investimento de 3,3 millóns de euros.

O impulso destas iniciativas forma parte da aposta do Goberno galego pola mobilidade sostible a través de diferentes medidas, como os aparcadoiros disuasorios, as sendas peonís e ciclistas ou a mellora da accesibilidade e da conectividade nas paradas de autobús. A maiores, neste marco de acción, activouse unha liña de axudas para a adquisición de bicicletas eléctricas de pedaleo asistido a través do programa EBici e diversas bonificacións ao uso do transporte público, entre outras iniciativas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta conta coa Estratexia Galega de Mobilidade como folla de ruta ata 2050 co obxectivo de favorecer a sostibilidade nos desprazamentos, apoiar a competitividade do territorio e transformar os patróns de mobilidade, para o que se deseñaron un cento de medidas que implican a todas as administracións e que representan un investimento superior aos 400 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITARÁ O SERVIZO DE COMEDOR ADAPTADO A 583 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 300.000€

Renóvanse os acordos con 14 asociacións especializadas na atención a estes estudantes e coa Deputación de Pontevedra

A Xunta facilitará o servizo de comedor adaptado o vindeiro curso a un total de 583 alumnos con discapacidade. Para iso, o Consello deu hoxe luz verde á renovación de 15 convenios de colaboración con diferentes asociacións e entidades especializadas na atención educativa, ao cal vai destinar máis de 300.000€.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (ACEESCA), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (AMENCER—ASPACE), coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia (AMICOS), coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (ASPACE), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), coa Asociación Autismo Ourense, con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, coa Asociación BS A Esperanza do Val Miñor, coa Fundación Menela, coa Asociación San Xerome Emiliani, coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro e coa sociedade cooperativa Lenda Educativa.

Por outra banda, asinarase unha addenda ao convenio coa Deputación de Pontevedra para facilitar o servizo de comedor escolar a alumnos e coidadores do Centro de Educación Especial Pontevedra (un centro pertencente á consellería) en dependencias da residencia provincial situada na cidade infantil Príncipe Felipe e que depende do ente provincial.

O obxectivo destes acordos é facilitar a este alumnado o servizo de comedor adaptado ás súas particulares necesidades, de tal forma que as asociacións colaboradoras asumen a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Deste xeito, o alumnado pode aproveitar o carácter didáctico do comedor no que atinxe á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Esta colaboración enmárcase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente, tal e como establece a nova Estratexia de inclusión educativa.

Os comedores escolares galegos dan servizo a 80.000 alumnos, cun investimento diario da Xunta de 300.000€, uns 55M€ cada curso. Co 5 % dos alumnos de toda España, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

investimento do Goberno galego en comedores representa o 10 % estatal. Nos xestionados pola Xunta sérvense uns 62.000 menús diarios, é dicir, 11 millóns de menús cada ano académico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA AXUDA DE CASE 1 M€ PARA REFORZAR O TRABALLO DE TRES CIENTÍFICOS QUE ACADARON UN CONTRATO DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN

- Recibirán unha contía complementaria para o período 2025-29 dous investigadores da USC e un da UVigo beneficiarios do programa máis prestixioso da I+D+i na UE
- Con esta achega, poderán contratar persoal investigador auxiliar, adquirir equipamento, formación e outros custos derivados da súa actividade
- O Goberno galego leva apoiado con 8,8 M€ a 32 investigadores de máximo nivel que lograron captar para a ciencia da nosa Comunidade investimentos de 54,7 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) para conceder unha axuda complementaria de case 1M€ a tres científicos de alto nivel que lograron un contrato do Consello Europeo de Investigación (ERC) que acadaron para o período 2025-2029. Trátase de dous investigadores da USC e un da UVigo, que lograron captar unha axuda europea de 4,4 M€, unha cantidade que agora se verá reforzada por parte da Xunta.

Concretamente, na USC son Beatriz Orosa, científica do programa europeo Consolidator Grants cun orzamento de máis de 1,8 M€, e Ignacio Ínsua, do programa *Starting Grants* cun orzamento de 1,5 M€. No caso da UVigo, beneficiarase o investigador Luis M. Liz a través do programa europeo *Synergy Grants* cun orzamento de máis de 1,1 M€.

O obxectivo destas axudas é que estes tres investigadores cun contrato ERC, as bolsas máis prestixiosas no eido da I+D+i en Europa, poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación, así como impulsar a excelencia e a internacionalización do Sistema universitario galego e os seus centros de investigación.

Desde o ano 2012 a Xunta vén asinando convenios coas tres universidades públicas co fin de achegar unha axuda complementaria para que o persoal investigador beneficiario destas convocatorias dos programas ERC poida crear ou consolidar o seu propio equipo de investigación en Galicia e, así, impulsar a súa carreira investigadora e posicionar a nosa comunidade como un referente no eido da investigación universitaria.

Desde entón, a Consellería de Educación leva achegado a esta acción un total de 8,8M€ e beneficiado 32 investigadores das tres universidades públicas que conseguiron captar máis de 54,7 M€ coas súas axudas: 21 da USC, seis da UDC e cinco da UVigo. Actualmente, un total de 16 investigadores contan con axudas vixentes: dous dentro do programa *Synergy Grants*, nove no de *Consolidator Grants* e cinco no de *Starting Grants*.

Esta liña de axudas súmase a outros ambiciosos programa da Xunta de Galicia para persoal investigador excelente como o programa Oportunius, as axudas que xa remataron a súa ERC ou para grupos de referencia competitiva e potencial crecemento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Beneficios para os investigadores

As partidas complementarias que o Goberno galego destina aos tres investigadores universitarios aprobada hoxe deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo dirixido polo investigador principal ERC; para pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico, para adhesión a sociedades científicas, para formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto, para desprazamentos vinculados coa dita actividade, para investigadores visitantes e para organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do coñecemento e información, tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Cómpre lembrar que o ERC busca impulsar a longo prazo proxectos científicos excelentes e apoia a creación de equipos para que realicen unha investigación novidosa e potencialmente moi rendible, pero de alto risco. Para conseguir o obxectivo de impulsar a próxima xeración de directores de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, o ERC concede subvencións ao programa Grant (*Starting, Advanced, Consolidator e Synergy*), destinadas ao persoal con entre dous e 12 anos de experiencia desde a finalización do doutoramento.

As axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos, e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que os identifique como líderes no seu ámbito, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora e con proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos. O criterio único de avaliación é a excelencia científica da proposta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVARÁ A CASE 700 O NÚMERO DE AUXILIARES DE CONVERSA O VINDEIRO CURSO PARA APOIAR O ENSINO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

- Sumaranse 25 novos profesionais e destinaranse 5,2M€ ao financiamento desta liña de actuación, enmarcada na Estratexia Edulingüe 2030
- Colaboran coa aprendizaxe de ata cinco linguas diferentes e proceden de 24 países

O sistema educativo galego contará o vindeiro curso con 690 auxiliares de conversa para apoiar o ensino de linguas estranxeiras. Serán 25 máis ca no actual ano académico e supón un novo récord histórico de auxiliares en Galicia, cuxa presenza nos centros se ten multiplicado por máis de 10 respecto dos 67 que había ao inicio do programa, no ano 2009.

Este programa supón un investimento de aproximadamente 5,2M€, dos cales a Xunta achega 4,8M€ e o resto é cofinanciado polas administracións e entidades colaboradoras. En concreto, hoxe o Consello da Xunta autorizou a renovación dun convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e o Ministerio de Educación, unha das institucións que colabora neste programa, á cal se suman outras como a Comisión Fulbright, a Oficina do Consello Internacional da Lingua Chinesa–Hanban ou o Instituto Camões.

Os auxiliares de conversa apoian a aprendizaxe de idiomas maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Reciben unha axuda económica e participan en actividades de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

Estas persoas, procedentes de 24 países distintos, prestan apoio ao ensino de ata cinco linguas diferentes: inglesa, francesa, portuguesa, alemá e chinesa. O Goberno galego financia a estadía destas persoas en Galicia, ademais de asignalas aos diferentes centros.

Amplo grao de satisfacción

As persoas que prestan apoio como auxiliares de conversa contribúen a facilitar a aprendizaxe das linguas estranxeiras, ao tempo que representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura doutros países, contribuíndo a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

Tras máis de 15 anos de funcionamento do programa, son unha figura cun éxito consolidado na nosa Comunidade. Non en balde, case o 99 % das persoas coordinadoras dos centros participantes consideran moi positivo este apoio e o 50 % das persoas auxiliares de conversa solicitan renovar un curso máis en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Líderes en aprendizaxe de inglés

O programa de auxiliares de conversa enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, a aposta da Xunta pola mellora das competencias do alumnado en linguas estranxeiras. A través dela artéllanse iniciativas como a rede de centros plurilingües, un total de 512 este curso en Galicia, ou as máis de 5.000 seccións bilingües que funcionan en primaria, secundaria, bacharelato, FP e ensinanzas de réxime especial.

Grazas a esta aposta polo plurilingüismo, o alumnado galego está á cabeza entre os de mellor nivel de inglés de España segundo o ranking internacional EF EPI, o único baseado en avaliacións do idioma realizadas por 2,1 millóns de persoas de 111 países.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 10,3 M€ EN OBRAS DE MELLORA DAS RESIDENCIAS DE MAIORES DA MILAGROSA E AS GÁNDARAS

- O obxectivo destas obras é modernizar as instalacións, facelas máis accesibles e funcionais e continuar coa implantación do novo modelo de coidados
- A reforma afectará tanto o interior como o exterior dos inmobles, que gañarán en accesibilidade e eficiencia enerxética

O Executivo autonómico destinará 10,3 millóns de euros á reforma das residencias de maiores das Gándaras e da Milagrosa en Lugo, pertencentes á rede pública autonómica. O Consello da Xunta aprobou hoxe estas obras que se financiarán con fondos europeos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O obxectivo destas intervencións é modernizar as instalacións, facelas máis cómodas e funcionais para usuarios e persoal, e continuar coa implantación do novo modelo de coidados. As reformas afectarán tanto o exterior como o interior dos dous inmobles, e mellorarase a accesibilidade e a eficiencia enerxética con obras nas fachadas que se centrarán na envolvente térmica, nas cubertas e nas carpintarías.

En canto ás obras que se levarán a cabo dentro das edificacións, na das Gándaras reorganizarase a zona de habitacións das plantas cuarta a oitava e crearanse novos espazos de convivencia e estancia, ademais de dotar dunha terraza á primeira planta. Pola súa banda, na residencia da Milagrosa renovarase as carpintarías e pavimentos interiores, así como os sistemas de fontanería, saneamento, calefacción e electricidade.

A remodelación do centro residencial da Milagrosa ten un orzamento base de licitación de 1,6 millóns de euros e un prazo de execución de 18 meses. A Administración autonómica traballa coa previsión de que os traballos poidan comezar en xullo. No caso da residencia das Gándaras, as obras licítanse por 8,6 millóns de euros e durarán 16 meses desde o seu inicio, estimado para setembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 317.000 € A APOIAR O CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN SAÚDE MENTAL A MARIÑA NA ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- Esta é a primeira vez que se asina un convenio plurianual coa Administración lucense para o mantemento das súas vivendas tuteladas
- O centro que a entidade da Mariña xestiona en Burela é o único recurso en Galicia para vítimas con enfermidades mentais

O Consello da Xunta deu luz verde á sinatura de dous convenios de colaboración para garantir a continuidade da atención a mulleres vítimas da violencia nas vivendas tuteladas que dependen do Concello de Lugo e que xestiona a Asociación Saúde Mental A Mariña en Burela. Estes dous acordos suman preto de 317.000 euros e, a través deles, téntase mellorar a resposta que desde as institucións se lles dá ás vítimas e ás súas fillas e fillos.

O convenio co Concello de Lugo é de 149.850 euros e esta é a primeira vez que se fai plurianual para os vindeiros tres anos, a razón de 49.950 euros por exercicio. Pola súa banda, o que se subscribirá coa Asociación Saúde Mental A Mariña está dotado de 167.000 euros, 17.000 euros máis que o anterior. Ademais, o acordo coa entidade da Mariña ten a singularidade de que o seu centro de Burela é o único recurso existente na nosa comunidade para vítimas de violencia de xénero con enfermidades mentais.

Nestes dous centros, como en todos os que forman parte da Rede galega de acollemento, ofrécese apoio, aloxamento, manutención integral e atención integral tanto ás mulleres usuarias como ás súas fillas e fillos. Son espazos de protección e de recuperación, onde se lles garante a súa seguridade e se traballa para que sigan adiante coas súas vidas, libres de violencia.

Desde 2013, o centro de acollida de Lugo atendeu 181 persoas (92 mulleres e 89 menores), 15 delas o ano pasado. Así mesmo, desde que hai sete anos se puxo en marcha a vivenda tutelada de Burela pasaron por este recurso 38 persoas (35 mulleres e tres menores), seis delas durante 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A PRIMEIRA ESTRATEXIA GALEGA DE AEROESPAAZO, SEGURIDADE E DEFENSA MOBILIZARÁ 900 M€ E PERMITIRÁ O IMPULSO E A CREACIÓN DE MÁIS DUN CENTO DE NOVAS EMPRESAS DO SECTOR

- O Consello da Xunta deu visto e praxe á nova folla de ruta do Goberno galego para o sector aeroespacial, que segundo o presidente supón unha oportunidade “para que industrias xa consolidadas en Galicia poidan “diversificar a súa actividade e intensificala”
- Impulsar o crecemento empresarial, materializar investimentos industriais en Galicia, fortalecer as capacidades produtivas galegas e liderar as novas políticas industriais neste eido en España son algúns dos obxectivos da futura estratexia
- A Iniciativa, que contará cun orzamento de 183 M€, apoiarase no desenvolvemento de tres grandes programas de investimento e 21 actuacións específicas para desenvolver nos próximos 5 anos aproveitando a enorme capacidade que amosa Galicia para fabricar o 75 % das tipoloxías de compoñentes e servizos que precisa o sector
- A nova ferramenta compromete un apoio decidido e a longo prazo do Goberno galego para que o tecido produtivo poida desenvolver tecnoloxía, fabricar e comercializar produtos e servizos de alto valor aproveitando a súa destacada posición actual

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que a primeira estratexia galega no aeroespazo, a seguridade e a defensa, aprobada hoxe no Consello da Xunta, mobilizará de aquí ao ano 2030 “en torno aos 900 millóns de euros”, procedentes da colaboración público-privada, e permitirá “a nova creación ou a transformación substancial” dun cento de empresas.

Tal e como lembrou o responsable do Executivo autonómico, nos vindeiros anos “vanse incrementar as necesidades en materia de seguridade e defensa” polo que “o sector aeroespacial pode ser unha vía para que industrias xa consolidadas en Galicia: naval, automoción, loxística e metal, poidan diversificar a súa actividade e intensificala”.

A Iniciativa Estratéxica aprobada hoxe apoiarase no desenvolvemento de tres grandes programas de investimento e de 21 actuacións específicas, cunha dotación por parte da Xunta de “183 millóns de euros”.

Así o acordou o Goberno galego na súa reunión semanal, en que se abordou a proposta da Consellería de Economía e Industria para ampliar o alcance da súa política de apoio á industria aeroespacial co lanzamento dunha nova e transformadora iniciativa estratéxica para o período 2025-2030. Unha ambiciosa folla de ruta centrada no crecemento empresarial, na atracción de novos investimentos industriais e na creación de emprego de alta cualificación neste sector en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A estratexia permitirá a transformación dun sector como o aeroespacial que a Xunta vén impulsando desde 2015 tras a posta en marcha da Civil UAV, e permitirá aproveitar, segundo sinalou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, “unha extraordinaria oportunidade para xerar nova actividade económica e tamén xerar emprego de calidade”.

Deste xeito, a Xunta dá un paso adiante e compromete un apoio decidido, estable e a longo prazo para que o tecido produtivo desta industria, e doutros sectores que estean interesados en ampliar ou reorientar a súa actividade, poidan desenvolver tecnoloxía, fabricar e comercializar produtos e servizos de alto valor en Galicia aproveitando as capacidades que a comunidade atesoura para poder asumir a fabricación do 75 % das tipoloxías de compoñentes e servizos que require o sector.

Así mesmo, esta nova iniciativa está aliñada coas políticas e plans da Unión Europea e permite incorporar Galicia ás crecentes oportunidades que ofrecen os sectores da defensa e a seguridade no marco do actual contexto sociopolítico, ao tempo que se reforza a posición da rexión no escenario nacional e internacional.

4 obxectivos e 3 programas de investimento

A nova estratexia establece cinco grandes obxectivos para os próximos cinco anos. O primeiro deles é impulsar a creación de novas empresas e o crecemento das que xa existen no ámbito do aeroespazo, da seguridade e da defensa. Na actualidade a Comunidade galega suma 115 centros de traballo xa dedicados ao sector, pero nos vindeiros anos esta cifra podería incrementarse, xa que unhas 150 empresas contan con potencial para incorporarse a este ámbito industrial.

O segundo dos obxectivos busca que as industrias que operan neste ámbito diversifiquen a súa produción, fomentando a transición entre sectores; ao cal se suma, en terceiro lugar, a materialización de novos investimentos industriais que se concreten en centros de produción en Galicia.

O cuarto dos obxectivos marcados na nova folla de ruta galega é o fortalecemento das capacidades produtivas territoriais da Comunidade galega, a través de acceso a capital, infraestruturas e traballadores cualificados. E, por último, liderar as novas políticas industriais a nivel nacional, consolidando o posicionamento da Xunta de Galicia como goberno emprendedor e exemplo no impulso da colaboración público-privada, ferramenta fundamental para o crecemento económico e a creación de emprego de calidade.

Do mesmo xeito, establécense tres programas de investimento: o Programa ecosistema, o de incorporación e consolidación e un terceiro programa para investimentos duais.

O Programa Ecosistema busca tecer alianzas con socios estratéxicos e tecnolóxicos a través dos denominados “Acordos de asociación” co propósito de fomentar o crecemento conxunto de empresas tanto do ámbito da defensa como alleos, ao redor da súa cadea de valor. Unha figura creada hai unha década, no marco da anterior iniciativa estratéxica (actualmente están en execución os das empresas Telespazio, Avincis,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Airbus e da UTE Aertec-Tecnobit), para o impulso da colaboración público-privada co sector aeroespacial en Galicia.

No marco da nova Iniciativa Estratéxica preténdense acadar catro novos contratos da Xunta con socios estratéxicos e tecnolóxicos con capacidade de tracción e cadeas de valor atractivas para o ecosistema galego, que realicen unha clara aposta pola creación de tecnoloxía e polo investimento industrial.

Outra das medidas deste programa está dirixida á creación de consorcios (aspírase a impulsar cinco) para a participación en proxectos de grande envergadura, para o que se desenvolverá un apoio específico, ben a través da Oficina Económica do Igape, ben mediante a concesión de axudas. Este primeiro programa está dotado con 84 millóns de euros.

O segundo pilar da iniciativa busca aproveitar as oportunidades dos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa, apoiando novas empresas e consolidando ás xa existentes, ou incorporando a compañías doutros sectores. Este programa, dotado con 34 millóns de euros, ofrecerá apoio económico para financiar a innovación, a obtención de certificacións e aquelas outras actividades necesarias para avanzar na transformación. E tamén apoiará con asesoramento especializado a través dunha unidade de nova creación na Oficina Económica do Igape.

Por último, e dotado con 65 millóns de euros, o programa para investimentos duais en aeroespazo, seguridade e defensa ten na creación dun fondo de investimento en tecnoloxías duais para empresas con centros de traballo en Galicia a súa principal actuación. Cun investimento de 40 millóns de euros (que aspira a mobilizar cifras similares de entidades financeiras, fondos de investimento e outros grandes investidores) centrarase en apoiar o crecemento das empresas galegas evitando os riscos de deslocalización empresarial ou a súa venda ou das súas tecnoloxías en fases temperás, así como a adquisición de solucións innovadoras que dean resposta a retos de seguridade, eficiencia e eficacia nos servizos da Xunta. Este terceiro programa complétase con outras actuacións destacadas como a atracción de investimentos, a oferta de solo industrial de Galicia, as axudas á innovación e outros instrumentos de apoio.

A Xunta de Galicia abrirá proximamente un diálogo estratéxico coa industria de aeroespazo, da seguridade e da defensa para coñecer as súas necesidades e os seus plans de investimento a curto, medio e longo prazo, e que será o punto de partida da execución da nova Iniciativa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INICIO DAS OBRAS DA NOVA FACTORÍA DE NORVENTO NO POLÍGONO DAS GÁNDARAS QUE TERÁ UN INVESTIMENTO DE 50 M€ E CREAMOS MÁIS DE 600 EMPREGOS

- A proxecto consiste na construción dunha planta de última xeración na que se fabricarán aeroxeneradores de vangarda, equipos de almacenamento de baterías avanzados e convertedores de enerxía modernos
- A fábrica terá unha superficie de 19.429 m² e estará situada na parcela B2-B3 da fase VIIA do parque empresarial lucense
- O Goberno xa declarou esta actuación como Proxecto Empresarial Singular no ano 2023
- O Consello da Xunta tamén tomou razón da aprobación inicial do proxecto de urbanización e electrificación da ampliación da fase III do parque empresarial de Palas de Rei

O Goberno galego acaba de autorizar o inicio das obras de edificación da nova factoría que a empresa lucense Norvento vai instalar no polígono empresarial das Gándaras en Lugo e que suporá un investimento de 50 millóns de euros e a creación de máis de 600 postos de traballo.

En concreto, a factoría terá unha superficie de 19.429 m², estará situada na parcela B2-B3 da fase VIIA do parque empresarial lucense, e permitirá crear 303 empregos directos, 237 indirectos e 84 empregos inducidos.

A Xunta xa declarou no ano 2023 a *Fábrica Norvento Enerxía Cero (neFO)* como Proxecto Empresarial Singular e que permitirá construír unha planta de última xeración na que se fabricarán aeroxeneradores de vangarda, equipos de almacenamento de baterías avanzados e convertedores de enerxía modernos.

Así, o proxecto ten como obxectivo a construción e posta en funcionamento dunha innovadora fábrica autosuficiente e cero emisións, con aeroxeneradores de vangarda de entre 100 e 1.000 kW para producir enerxía renovable que favoreza a descarbonización industrial e impulse a repotenciación de parques eólicos.

Por outro lado, fabricará convertedores de electrónica de potencia para a xestión e conversión de enerxía limpa a todas as escalas, que abranguen desde equipos especializados no sector comercial e industrial a produtos específicos para proxectos a escala de rede. Ademais, a fábrica alimentarse exclusivamente con enerxía renovable xerada nas propias instalacións.

Ampliación do parque empresarial de Palas de Rei

O Consello da Xunta tamén tomou razón hoxe da aprobación inicial do proxecto de urbanización e electrificación da ampliación da fase III do parque empresarial de Palas de Rei que permitirá incrementar a súa superficie con 39.926 m². O novo ámbito

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

industrial dará continuidade ao existente, situado ao oeste do núcleo principal do concello.

As actuacións que se levarán a cabo consisten no acondicionamento das parcelas para uso industrial, así como dotar de electrificación e rede viaria xeral, de acceso desde o parque actual. Constará de 17 parcelas para uso industrial, unha zona de equipamento, zonas verdes, unha rede viaria e aparcadoiros, e os correspondentes servizos de abastecemento, saneamento, electricidade, telecomunicacións e alumeadado.

Duplicar o solo industrial en Lugo

Con todas estas actuacións, a Xunta continúa avanzando na súa estratexia de facilitar o asentamento de novas empresas en Galicia e ampliar as que xa están instaladas, e no proceso de desenvolver solo industrial nos concellos que teñen necesidade e onde as empresas están esperando para poder asentarse as súas industrias. Trátase de ter un desenvolvemento industrial homoxéneo en toda Galicia.

No caso da provincia de Lugo, a Xunta está a desenvolver solo nas Gándaras, Palas de Rei, Meira, O Corgo e Xove; e xa ten solo industrial a disposición das empresas en Monterroso, Viveiro, Cervo, Cospeito, Xermade, Lourenzán, Porto Seco de Monforte e Taboada. En total, no período 2026-2028, o Executivo autonómico prevé duplicar o solo industrial dispoñible nesta provincia que pasará de 240.584 m² a 455.375 m².

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A XESTIÓN DIXITAL CENTRALIZADA DA ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E COLECTIVOS VULNERABLES

- O Consello aproba destinar ata case 6 millóns de euros á evolución dos sistemas de xestión dos centros de política social e do censo de residentes
- O portal de familias dará acceso a todo tipo de información sobre alimentación das persoas residentes, coidados, condicións das habitacións, incidencias, evolución de patoloxías ou citas médicas
- O sistema de cociña e comedor permitirá xestionar os menús e dietas, facer cálculos de ingredientes e dispoñer dun mapa coa situación das mesas e localización dos comensais para garantir unha atención personalizada
- Integrará os sistemas de control das capacidades físicas ou a monitorización do índice de fragilidade para axustar coidados e tratamentos e facilitar un envellecemento activo

O Consello de aprobou hoxe a contratación dos servizos que permitirán actualizar e mellorar os sistemas tecnolóxicos de xestión dos centros de política social (CENPOS) e o sistema de xestión do centro de residentes (CENRES). O contrato terá unha duración de tres anos e considera a posibilidade de prórroga, cun orzamento estimado de case seis millóns de euros.

O contrato permitirá a mellora do sistema tecnolóxico CENPOS de xestión das residencias de atención sociosanitaria dependentes de Política Social (para maiores ou persoas con discapacidade) en aspectos como a xestión administrativa, as actividades de comedor e cociña, a comunicación e participación das familias, as tarefas de inspección, a xestión de contratos e financiamento de prazas en entidades externas ou as actividades relacionadas co envellecemento activo e o benestar das persoas residentes.

O novo modelo inclúe novas funcionalidades para o portal de familias, que poderán acceder a todo tipo de información e manter un contacto permanente cos centros. Inclúe información sobre a alimentación das persoas residentes, os coidados que reciben, as condicións das habitacións, as incidencias, a evolución das patoloxías, as citas médicas, os ingresos no hospital etc.

Tamén mellora o sistema de xestión das cociñas e comedores a través do control dos menús e dietas, o cálculo de ingredientes necesarios en función dos comensais e necesidades específicas, ou da disposición dun mapa coa situación das mesas e localización dos comensais para garantir unha atención personalizada.

Ademais de integrar e simplificar todo tipo de tramitacións administrativas e introducir tecnoloxías de automatización de procesos, o modelo integrará os sistemas de control das capacidades físicas das persoas residentes ou a monitorización do índice de fragilidade para axustar coidados e tratamentos e facilitar un envellecemento activo.

Na actualidade, o sistema CENPOS, ao cal se accede desde unha contorna web ou desde dispositivos móbiles, estase a utilizar en 238 centros dependentes da Consellería de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Política Social e Igualdade, entre os que se atopan residencias e mini-residencias de maiores, centros asistenciais de persoas discapacitadas, vivendas comunitarias, centros de día, centros de menores ou centros sociocomunitarios.

Censo de residentes

O contrato tamén inclúe a mellora do censo de residentes CENRES, que integrará os centros de día, así como utilidades para facilitar a xestión de contratos, concertos e acordos de financiamento de prazas concertadas en entidades externas.

O censo de residentes CENRES está implantado en máis de 500 centros públicos e concertados.

En terceiro lugar, o contrato inclúe a mellora do sistema de xestión de contratos de prazas en centros concertados (CONCEN) e a súa integración como un módulo máis do censo de residentes.

Modelo de atención sociosanitaria de Galicia

Esta actuación continúa o traballo do modelo de atención sociosanitaria apoiado na tecnoloxía que inclúe a plataforma de atención sociosanitaria; o modelo dixital de atención para residencia de maiores e discapacidade e o modelo de fogar intelixente e a promoción da autonomía persoal.

Entre as actuacións que xa están en funcionamento destaca a automatización de tomas de biomedidas. A través dun dispositivo industrial (tipo tablet) e dunha estación de traballo móbil intégranse sen fíos diferentes elementos para a toma de biomedidas das persoas residentes como a tensión, temperatura etc.

Tamén está en funcionamento o modelo de habitación intelixente, que facilita a comunicación da persoa residente coa enfermaría e permite, a través dun sistema de sensores, a monitorización de actividade, seguridade e confort nas habitacións e nos espazos comúns.

Outras utilidades destacadas que xa están en funcionamento son a integración de CENPOS cos sistemas do SERGAS; a integración cos novos sistemas de recuperación física e estimulación cognitiva virtual; o dispositivo móbil para o uso do sistema de información desde calquera estancia do centro; a vista residente 360, que permite a visualización nunha soa pantalla dos diferentes ámbitos dunha persoa usuaria do centro, tanto no aspecto de identificación, como asistencial e social; ou o cadro de mando residencial que permiten a visualización de diferentes indicadores de atención no ámbito asistencial e apoian o proceso de certificación da calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE COSPEITO NA MELLORA DA RÚA CURROS ENRÍQUEZ, NO LUGAR DE FEIRA DO MONTE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE CASE 520.000€

- O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que cofinanciará esta actuación, cunha achega de preto de 363.000€
- A través da actuación proxectada, ampliarase e renovarase a pavimentación desta rúa da parroquia de San Xoán de Sistallo, localizada na contorna de protección de Cruceiro do Monte e da Ermida do Monte e, que entronca coa estrada autonómica LU-111
- A execución destas obras enmárcase nas medidas e liñas de colaboración do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego con que se contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade, como motores de dinamización

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo co Concello de Cospeito para financiar conxuntamente as obras de ensanche e mellora da rúa Curros Enríquez, no lugar da Feira do Monte, que teñen un orzamento de preto de 520.000€ (518.391€).

O acordo enmárcase no Plan Hurbe, o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, de xeito especial humanizacións e mellora de espazos e equipamentos públicos.

A través desta colaboración, executaranse as obras de ampliación e mellora da pavimentación desta rúa da parroquia de San Xoán de Sistallo, localizada na contorna de protección de Cruceiro do Monte e da Ermida do Monte, e que entronca coa estrada autonómica LU-111.

O proxecto ten así como obxectivo a ampliación da plataforma da rúa e o reforzo do firme, incluíndo o soterrado dos servizos aéreos e a inclusión da drenaxe.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, cun investimento de case 363.000 euros (362.873), e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello de Cospeito achegará o 30 % restante do custo das actuacións (155.517€), realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

A través de liñas de colaboración cos concellos como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico, que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as actuacións, producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUÍR EN LUGO UN EDIFICIO DE ALOXAMENTOS COMPARTIDOS E TEMPORAIS PARA MENORES DE 36 ANOS

- Trátase dun edificio para aloxamentos compartidos, con zonas comúns, garaxes e rochos que se construírá nun soar situado na rúa Illa Coelleira
- Estímanse para este inmovble unhas 50 vivendas destinadas a alugamento accesible
- A edificación incluírá espazos de uso compartido como unha sala para traballar, ximnasio, lavandaría, aparcadoiro para os vehículos ou rochos
- O obxectivo é facilitar a emancipación da mocidade que accede a un primeiro traballo ou están a percibir bolsas de formación ou de investigación, co fin de que dispoñan duna alternativa residencial durante un prazo de ata tres anos
- Este proxecto en Lugo será o terceiro destas características en Galicia, pois a Xunta ten en contratación o proxecto para o edificio de 60 vivendas previsto en Santiago e xa licitou o proxecto para outro inmovble de 80 vivendas en Navia, en Vigo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por un orzamento de case 305.000€, da redacción do proxecto e da dirección de obra para a construción en Lugo dun edificio de aloxamentos compartidos e temporais en alugamento accesible, destinado menores de 36 anos.

Trátase da redacción de proxecto para executar un edificio para aloxamentos compartidos, con zonas comúns, garaxes e rochos nun soar situado na rúa Illa Coelleira.

Este inmovble contará cunhas 50 vivendas estimadas, aínda que a cifra concreta será determinada no proxecto.

A edificación, ademais das citadas vivendas, incluírá espazos de uso compartido coma unha sala onde os residentes poderán traballar, unha zona de usos múltiples para reunións ou estancias como ximnasio, lavandaría ou cuartos de limpeza.

O inmovble tamén disporá de aparcadoiro para os residentes, así como un rocho por vivenda.

O obxectivo desta iniciativa é facilitar a emancipación da mocidade que accede a un primeiro traballo ou están a percibir bolsas de formación ou de investigación, co fin de que poidan dispoñer duna alternativa residencial durante un prazo de ata tres anos.

Este proxecto en Lugo será o terceiro destas características, impulsado pola Xunta en Galicia. Cómpre lembrar que o Goberno galego xa ten en proceso de contratación o proxecto para o edificio de 60 vivendas previsto en Santiago de Compostela, na avenida Xoán XXIII; e, ademais, xa licitou o proxecto para outro inmovble de 80 vivendas en Navia, en Vigo.

O Executivo autonómico está a facer especial fincapé na aposta por facilitar á mocidade o acceso á vivenda. Ademais desta iniciativa dos aloxamentos compartidos, a Xunta ten

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudas á adquisición, con ata 20.000€ de achega para menores de 36 anos, ou os avais á compra.

O Goberno galego tamén está a reservar para este colectivo o 25% das vivendas de promoción pública que se constrúen para venda e o 40 % das destinadas a alugamento nas novas promocións da Xunta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 6,2 M€ NO SERVIZO DE LIMPEZA DOS HOSPITAIS PÚBLICOS DE VERÍN E DO BARCO DE VALDEORRAS

- O importe do contrato para tres anos de duración referido ao Hospital de Verín supera os 2,9 millóns de euros
- O importe do contrato para o mesmo período de duración para o Hospital de Valdeorras supera os 3,3 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por importe superior aos 6,2 millóns de euros, do servizo de limpeza no Hospital Público de Verín e do Hospital Público do Barco de Valdeorras, dependentes da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Concretamente, para o servizo de limpeza do Hospital Público de Verín, o contrato prevé un importe que supera os 2,9 millóns de euros para un período de tres anos; para o caso do Hospital Público do Barco de Valdeorras o importe supera os 3,3 millóns de euros, para o mesmo período de vixencia, de tres anos.

O mantemento da limpeza da contorna hospitalaria é imprescindible para manter as súas dependencias nunhas condicións hixiénico sanitarias adecuadas, o que contribúe non só a mellorar o aspecto estético dos centros, senón que tamén evita a transmisión de axentes infecciosos.

A finalidade da Consellería de Sanidade é garantir a prestación das actividades e servizos sanitarios, tanto en atención especializada como atención primaria, precisas para a promoción da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria e a rehabilitación. Para asegurar o cumprimento destas prestacións é imprescindible o desenvolvemento doutras actividades complementarias, tales como o servizo de limpeza.

O contrato autorizado hoxe prevé o incremento de efectivos que prestarán os servizos en cada un dos hospitais, derivado do incremento de superficies que é preciso limpar. Téñense en conta as reformas executadas no Hospital Público do Barco de Valdeorras, con incremento de superficies de alto e medio risco (zonas de oncoloxía, cirurxía ambulatoria, dixestivo, farmacia e PAC), e tamén o incremento de superficie do Hospital Público de Verín debido á ampliación do servizo de Urxencias. Así, prevese o incremento de 2 traballadores, tanto para o Hospital Público de Verín, ata acadar os 18 efectivos, como para o Hospital Público do Barco de Valdeorras, subindo a 20 efectivos.

Aquelas empresas que estean interesadas neste contrato deberán presentar unha memoria técnica das condicións ofertadas que detalle a prestación e organización do servizo, indicando, de xeito separado, a descrición xeral da organización e o funcionamento e xestión do servizo, incluíndo unha clasificación de áreas obxecto de limpeza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, deberán establecer o número de traballadores que utilizarán en cada quenda, detallando os postos de traballo por categorías profesionais, expresando a distribución en quendas de mañá, tarde e noite.

Tamén deberán describir os medios materiais que garantan a prestación do servizo, con información relativa á maquinaria, vehículos e equipamentos.

Así mesmo, facilitarán información sobre os útiles, materiais e produtos de limpeza e desinfección que utilizarán.

Xunto ao anterior, deberá achegar un plan de formación continuada para os traballadores adaptado á exigencias da Xerencia Sanitaria.

Será máis valorada a proposta que presente os protocolos máis idóneos en atención ás características de cada zona no ámbito hospitalario (hospitalización, urxencias etc.).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 6,6 M€ PARA A SUBMINISTRACIÓN DE SENSORES E EQUIPAMENTO NECESARIO PARA A MONITORIZACIÓN NON INVASIVA DE PACIENTES

- Esta será a primeira contratación centralizada que realiza o Servizo Galego de Saúde para este tipo de material, o que permitirá un aforro de máis do 11 %
- O contrato será por un período inicial de tres anos, con posibilidade de prorrogarse por outros dous máis
- Os sistemas de monitorización son ferramentas cruciais para a asistencia ao doente crítico, xa que axudan a detectar disfuncións orgánicas e orientan a abordaxe terapéutica
- Para a realización desta monitorización a Xunta adquirirá 2.263 equipamentos

O Executivo galego autorizou a contratación, por un importe de 6.684.883 euros e un período inicial de tres anos, da subministración de sensores e do equipamento necesario para a monitorización non invasiva de pacientes con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde. O valor estimado do contrato, atendendo ás posibles prórrogas por dous anos, ascende aos 10.312.767 euros.

Esta será a primeira contratación centralizada que realiza o Servizo Galego de Saúde para este tipo de material, permitindo un aforro de máis de 853.000 euros para os tres anos de vixencia do contrato; é dicir, un aforro de 284.567,61 euros ao ano (11,32 %).

Os sistemas de monitorización (equipo + sensor) permiten a vixilancia e o rexistro e control dos signos vitais dos pacientes. Son ferramentas moi necesarias e cruciais na asistencia ao doente crítico, xa que axudan a detectar disfuncións orgánicas e orientan a abordaxe terapéutica.

Os parámetros máis habituais rexistrados por monitorización son a monitorización cardiovascular, a hemodinámica, a respiratoria, a intraabdominal e a neurolóxica.

Non todos os pacientes precisan do mesmo tipo de monitorización. Así, dependendo do doente, da súa patoloxía e do lugar en que se atope, aplicarase un nivel de monitorización diferente.

Para rexistrar a información que se pretende monitorizar existen dúas opcións, a invasiva e a non invasiva.

Dentro da monitorización non invasiva atópanse, entre outros, os rexistros de frecuencia cardíaca, a frecuencia respiratoria, a temperatura, a saturación de oxíxeno, o electrocardiograma e a tensión arterial, podéndose realizar sen introducir ningún dispositivo ao paciente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis de 2.200 equipamentos

O contrato autorizado hoxe polo Consello da Xunta abrangue o material funxible, desbotable e dun só uso que se utiliza de xeito cotián na maioría de procedementos de monitorización non invasiva realizados nos centros do Servizo Galego de Saúde.

O equipamento necesario para a realización desta monitorización é de 2.263 equipamentos (portátiles, independentes, sobremesa, monitores, módulo integrable etc.).

Entre os produtos que se adquirirán mediante este contrato están sensores de pulsioximetría desbotables para prematuros, neonatais e adultos que miden a saturación de oxíxeno e a frecuencia cardíaca do paciente; sensores de medición da actividade cerebral adulto e pediátrico, permitindo indicar o nivel de profundidade anestésica en quirófano, UCI e Reanimación; e sensores para medición oximetría neonatal, pediátrica e de adulto, para a monitorización continua non invasiva da oxixenación rexional a nivel cerebral e somático.

A empresa adxudicataria deste contrato está obrigada a realizar unha formación completa no manexo do monitor, destinada ao persoal que o vai utilizar. Esta formación deberá estar dispoñible na plataforma da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde durante seis meses, logo da sinatura do contrato.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 7,4 M€ PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, DESINFECCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS NO HOSPITAL DA MARIÑA

- O contrato prevé a limpeza dunha superficie de 23.393 metros cadrados e a prestación do servizo por un período inicial de 36 meses
- Inclúe a xestión dos residuos que se produzan no hospital ata a súa entrega para o seu tratamento conforme o Plan de xestión de residuos sanitarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de contratación, por un importe de 7.426.808 euros e un período inicial de 36 meses, do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos de todos os locais e instalacións interiores e exteriores do Hospital Público da Mariña, en Burela. O valor estimado do contrato, atendendo ás posibles prórrogas para dous anos máis, ascende aos 12.275.716 euros.

A superficie total que se debe limpar ao abeiro deste contrato é de 23.393 metros cadrados. Atendendo ao risco de infección en función do traballo que se realiza en cada área e que pode repercutir no paciente, 7.211 m² son de risco baixo, máis de 9.000 de risco medio e 2.700 de risco alto. Outros preto de 4.500 m² ata completar a cifra total corresponden a terrazas, aparcadoiros e outras instalacións.

Dado o servizo público de asistencia sanitaria que se presta, cómpre que as instalacións se atopen permanentemente en condicións óptimas de limpeza, de acordo coa guía de procedementos de limpeza no medio hospitalario do Servizo Galego de Saúde, e que se cumpran as recomendacións para a bioseguridade, limpeza e hixiene ambiental incluídas no Plan nacional de resistencia antibiótica e na instrución xeral de procedementos de limpeza no Hospital Público da Mariña elaborado polo Servizo de Medicina Preventiva.

O contrato inclúe a limpeza e/ou desinfección de todas as dependencias interiores e exteriores, así como de todo o mobiliario e aparellos ou equipamento.

Tamén inclúe a xestión de todos os residuos que se produzan no hospital ata a súa entrega ao xestor correspondente para o seu tratamento, que abrangue a recollida, o traslado, a pesada dos residuos que se lles indique e acomodo nos almacéns finais habilitados conforme ao Plan de xestión de residuos sanitarios do hospital.

Así mesmo, inclúese no contrato a recollida e traslado de roupa sucia, así como daqueles artigos que poidan ser obxecto de lavado e desinfección desde os almacéns das unidades e servizos ou desde calquera outra zona que se determine.

Xunto ao anterior, está incluído no contrato a realización da limpeza de instalacións, patios, azoteas, terrazas, cubertas, zonas axardinadas e zonas asimiladas; a limpeza das zonas exteriores e do aparcadoiro exterior de dúas plantas, e a limpeza da contorna

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis próxima ao edificio (entrada principal, entrada de urxencias e entrada de rehabilitación e outras portas de acceso).

Outras tarefas previstas no contrato son a limpeza da parcela do campo exterior, incluíndo a roza da maleza, a elaboración diaria das camas de persoal, o mantemento, limpeza e desinfección das alfombras exteriores, a limpeza do servizo de cociña e os azulexado, paredes, portas, cristais e limpeza do chan.

O número total de horas anuais efectivas de mañá, tarde e noite para a prestación do servizo establécese en 81.854, tendo en conta as quendas correspondentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE Á LICITACIÓN DAS OBRAS DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE ANTAS DE ULLA, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,7 M€

- O novo centro de saúde de permitirá máis que duplicar o espazo do actual, acadando os 634 metros construídos
- A previsión da Xunta é poder iniciar as obras a comezos de 2026, cun prazo de execución de 16 meses
- O novo centro disporá de 6 consultas: 2 de medicina xeral, 2 de enfermaría, 1 de toma de mostras e 1 polivalente, ademais de zonas de espera

O Consello da Xunta tomou razón, na súa reunión de hoxe, da licitación das obras de construción do novo centro de saúde de Antas de Ulla, en Lugo, que suporá un investimento da Xunta de 1.758.997,76 euros.

A nova infraestrutura sanitaria permitirá máis que duplicar a superficie do centro de saúde actual, acadando os 634 metros cadrados.

A previsión da Xunta é ter adxudicadas as obras antes de que remate este ano, co obxectivo de iniciar os traballos de construción do novo centro a comezos de 2026. O prazo de execución das obras será de 16 meses.

O Servizo Galego de Saúde será o responsable de licitar e executar as obras do novo centro de saúde.

A construción deste novo centro de saúde en Antas de Ulla está recollida na fase 1 do Plan de Infraestruturas sanitarias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

Mellora e ampliación das instalacións

A futura infraestrutura sanitaria de atención primaria contará cunha superficie construída, segundo o plan de espazos, de 634,15 metros cadrados, máis do dobre da superficie que ten o centro de saúde actual (295 metros cadrados).

O novo equipamento sanitario situarase nunha parcela baleira na avenida de Lugo do municipio. O obxectivo é crear un novo espazo público que fomente o descanso e o contacto coa natureza na contorna do centro de saúde.

Deste xeito, Antas de Ulla disporá dun centro sanitario con 6 consultas: 2 de medicina xeral, 2 de enfermaría, 1 de toma de mostras e 1 consulta polivalente.

Contará, ademais, con vestíbulo, zonas de espera, recepción, sala de xestión da información, arquivos, aseos e locais técnicos.

Na parte de persoal haberá unha biblioteca-sala de estar, un despacho de coordinación e vestiarios. Ademais, contarase cos cuartos técnicos para instalacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta actuación a Xunta mellorará a infraestrutura sanitaria de atención primaria en que o Servizo Galego de Saúde atende unha poboación de 1.600 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 28,5M€ PARA FAVORECER A INSERCIÓN LABORAL DE MÁIS DE 7.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE E 170 EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Por primeira vez unifícanse nunha orde as axudas aos centros especiais de emprego e ás empresas de inserción laboral, no marco do compromiso coa empregabilidade dos colectivos con máis dificultades e co pulo ás entidades da economía social
- As achegas aos CEE, de 27M€, permitirán o mantemento do custo salarial de máis de 6.000 persoas con discapacidade e a contratación de 130 profesionais para as unidades de apoio, que prestarán atención a arredor de 900 persoas con especiais dificultades
- Ademais, prevese a creación de 300 novos postos de traballo indefinidos, con achegas que poden chegar ata os 25.000 euros, e recóllense axudas para a adaptación dos postos e a eliminación de barreiras arquitectónicas
- No que respecta ás empresas de inserción, a Xunta destinará 1,5M€ para apoiar a contratación de 170 persoas en situación ou risco de exclusión social, que recibirán formación e emprego durante un máximo de tres anos
- Tamén se prevén incentivos para favorecer a creación de empresas de inserción, axudar na xestión e dirección das novas entidades e contratar persoal técnico en orientación, financiando así outros 10 postos de traballo

O Consello da Xunta aprobou hoxe a nova convocatoria de axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que unifica por primeira vez as ordes para promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos 136 centros especiais de emprego (CEE) inscritos no Rexistro Administrativo da Comunidade Autónoma, así como a inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social mediante medidas de fomento do emprego dirixidas ás empresas de inserción laboral. Cun orzamento global de máis de 28,5 millóns de euros —un 5 % máis que a dotación inicial do pasado ano—, o Goberno galego prevé beneficiar con esta medida máis de 7.000 persoas traballadoras con discapacidade e crear 300 novos postos de traballo indefinido nos CEE. Ademais, as axudas ás empresas de inserción permitirán a contratación de 170 persoas desempregadas en risco de exclusión e doutras 10 de nivel técnico ou de dirección.

Con esta orde, a Xunta avanza na mellora da empregabilidade dos colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, impulsando tanto a súa integración profesional como a súa inclusión social. Ao mesmo tempo, refórzase o papel das entidades da economía social como axentes clave para o desenvolvemento dun modelo máis xusto, inclusivo e sustentable, recoñecendo o labor fundamental dos centros especiais de emprego e das empresas de inserción na creación de oportunidades reais para as persoas que máis o precisan. Está previsto que a orde se publique nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), cun prazo de solicitude dun mes no caso dos CEE e ata o 30 de setembro de 2025 para as empresas de inserción.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Centros especiais de emprego

Cun orzamento de máis de 27M€ e cun período subvencionable que vai desde o 1 decembro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025, con carácter xeral, a orde recolle tres programas de apoio específicos para os centros especiais de emprego. O que conta con máis orzamento (24,4M€) destínase a manter os custos salariais e os empregos das persoas traballadoras con discapacidade, cunha intensidade da axuda equivalente a entre o 50 e o 65 % do SMI e co que se prevé beneficiar máis de 6.000 persoas con discapacidade.

Por outra banda, preto de 1,6M€ serán para financiar os custos salariais da contratación indefinida do persoal das unidades que prestan apoio ás persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral, estimando beneficiar arredor de 130 profesionais que atenderán unhas 900 persoas. Por último, distribuirase máis de 1M€ en achegas para dar estabilidade aos postos de traballo mediante a contratación indefinida, con incentivos que poden chegar aos 25.000€ por posto creado a xornada completa; para a adaptación de postos de traballo ás condicións das persoas e a eliminación de barreiras, cunha contía de 1.800€ por posto adaptado; e para financiar aspectos relacionados coa creación, mantemento ou mellora dos CEE, como a contratación de persoal de dirección, certificacións de calidade, elaboración de estudos etc., cun límite de 15.000€ por CEE.

Empresas de inserción laboral

No que respecta ás empresas de inserción —cun orzamento total de 1,5M€—, a Xunta destinará máis de 1,3M€ a apoiar a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social nestas entidades, que recibirán formación e emprego durante un máximo de tres anos, prevendo mellorar as oportunidades dunhas 170 persoas e facilitar o seu camiño de acceso ao mercado laboral ordinario. Como requisito, as empresas solicitantes deberán ocupar o seu cadro de persoal con cando menos o 30 % de persoas en situación ou risco de exclusión social. Ademais, resérvanse 145.000€ para favorecer a creación de empresas de inserción, axudar na xestión e dirección das novas entidades e financiar as persoas técnicas en orientación que apoien as persoas traballadoras en situación de exclusión social, financiando así outros 10 postos de traballo.

Apoio á economía social

A iniciativa aprobada hoxe enmárcase na aposta do Executivo autonómico a prol da economía social, ámbito para o que este ano ten orzados case 45 M€, no marco da Estratexia galega da economía social: horizonte 2027, con que se estima crear 4.000 novos postos de traballo baixo o paraugas desta modalidade de negocio e constituír 400 novas entidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ESTUDA A EXPLOTACIÓN DE MACROALGAS DE INTERESE COMERCIAL PARA IMPULSAR UNHA XESTIÓN SUSTENTABLE E O CULTIVO DO RECURSO

- Este proxecto, denominado ALGAPROX e enmarcado no convenio de colaboración asinado pola Consellería do Mar e a Universidade da Coruña, ten un período de execución de tres anualidades
- Os datos obtidos axudarán a ter un coñecemento máis amplo da evolución da explotación destas especies e das condicións máis axeitadas para o cultivo no caso das autóctonas, e de erradicación e control, en que poñen en risco os ecosistemas galegos

O Consello da Xunta aprobou o convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de A Coruña para o desenvolvemento do proxecto ALGAPROX destinado ao estudo da explotación de macroalgas de interese comercial, co fin de impulsar unha xestión sustentable e o cultivo do recurso. Ao desenvolvemento desta iniciativa, cofinanciada a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (Fempa), o Goberno galego achega 61.000 euros, e permite dar resposta á proposta realizada polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), a Federación Galega de Confrarías de Pescadores, as Confrarías de Ribadeo, de Cangas e de Vilanova de Arousa, así como pola Organización de Produtores de Marisco e Cultivos Mariños da provincia de Pontevedra.

As macroalgas mariñas resultan determinantes na formación e funcionamento dos ecosistemas costeiros polo que é preciso protexelas, regulando a súa explotación. Porén, o proxecto, cuxo prazo de execución é 2025-2027, abordará diversas experiencias con especies de algas de interese para o sector pesqueiro e marisqueiro, ben sexa porque supoñen un recurso, posúen un algo valor comercial ou porque a súa proliferación prexudica tanto ao ambiente como ao recurso.

Actuacións concretas

Realizaranse mostraxes na costa de Galicia destas especies de algas con motivo de coñecer a súa distribución real e actual, así como para determinar a mellores formas de aproveitamento e xestión no caso das autóctonas, e de control ou erradicación, no caso das foráneas. Neste senso, as accións previstas son as seguintes: experiencia de mellora de manexo de *Himantalia elongata*, en que se explorarán formas eficaces de colleita que maximicen as probabilidades de recrutamento natural; experiencia de reforzo de poboacións de *Himantalia elongata*, en que se reforzarán as súas poboacións mediante semente de embrións, co fin último de garantir a sustentabilidade do recurso; experiencia de control de *Sargassum muticum*, en que se abordará a eficiencia de distintos métodos para controlar ou minimizar o impacto negativo desta especie sobre o ambiente e os recursos mariños e se investigará se sería posible eliminala en determinados lugares de especial importancia ecolóxica e/ou económica; experiencia de estudo da fenoloxía de *Undaria pinnatifida*, en que se determinará o impacto ecolóxico e socioeconómico (xa que se trata dunha alga comercializable) nos diferentes hábitats que coloniza: bateas, portos, fondos mariños e hábitats intermareais e se tentará comprender mellor a súa dinámica poboacional, o cal será importante para elaborar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

futuras medidas de xestión e predicir factores como a súa invasividade e o seu impacto ecolóxico; experiencia de control de *Ulva clathrata*, en que ensaiará unha forma de manexo da especie para minimizar os efectos perniciosos que supón a súa proliferación sobre os bancos marisqueiros; e experiencia de herbivoría sobre *Himantalia elongata* e *Undaria pinnatifida*, en que, mediante gaiolas de exclusión e cámaras de vídeo submarinas, se analizarán os efectos da depredación sobre as poboacións destas especies.

Ademais, realizarse unha colección de algas de toda a costa galega, denominada "Algario CIMA". Recolleranse e herborizaranse diferentes exemplares de algas para confeccionar unha base de datos desta con toda a información relevante de cada un dos espécimes herborizados.

Pacto Verde Europeo

Esta investigación ten a súa razón de ser na doutrina que fixa o Pacto Verde Europeo proposto pola Comisión Europea en decembro de 2019, e que inclúe unha folla de ruta con accións para impulsar un uso eficiente dos recursos mediante o paso a unha economía limpa e circular, restaurar a biodiversidade e reducir a contaminación. Precisamente, dentro dos seus obxectivos, a UE considera as algas como unha fonte proteica que debe ser aproveitada en toda a súa potencialidade, dentro dos criterios de sustentabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS EMPRESAS TURÍSTICAS DA PROVINCIA DE LUGO RECIBEN 3,7 M€ EN AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

A Xunta de Galicia oficializou a concesión a 141 proxectos en establecementos de turismo destinados a actualizarse en materia de enerxía, 38 na provincia de Lugo

O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre a resolución de concesión de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, unha liña de axudas incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico cofinanciado pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia. En total, concedéronse en toda Galicia 141 subvencións a proxectos de obras en establecementos hoteleiros e de restauración, para o que se destinou un total de 11,05M€.

Por provincias, Lugo recibiu o maior importe das concesións favorables, con 3,7 millóns de euros. Un total de 38 proxectos da provincia lucense resultaron adxudicatarios das axudas. No referido ao resto de Galicia, na provincia de Pontevedra adxudicáronse 48 propostas, por un total de 3,21M€; na Coruña concedéronse 45 solicitudes, dotados con 3,26M€ en conxunto; e Ourense recibiu 708.227,78€, a repartir entre 10 proxectos.

En concreto, na provincia de Lugo, a meirande parte dos proxectos adxudicados consistiron en melloras de eficiencia enerxética da envolvente térmica, como cambios de ventás, cubertas ou illamentos de fachadas; e melloras de eficiencia enerxética por instalación de bombas de calor por aeroterapia.

A actual é a segunda convocatoria das axudas para a realización de proxectos de eficiencia enerxética en aloxamentos turísticos, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

Economía circular

O obxectivo principal desta convocatoria, oficializada en xuño de 2024, fixouse na concesión de subvencións para realizar actuacións de eficiencia enerxética que impulsen a economía circular en empresas turísticas. Aquí inclúense establecementos turísticos de aloxamento e de restauración, como establecementos hoteleiros, de turismo rural, apartamentos turísticos, vivendas turísticas e albergues turísticos; ou restaurantes, cafeterías e bares.

As subvencións destináronse tanto a pequenas e medianas empresas como a grandes compañías, localizadas en Galicia. O crédito inicial estableceuse en 10,14M€, repartidos entre 2024 e 2025.

Dado o elevado número de solicitudes recibidas e a envergadura dos proxectos presentados, en abril de 2025 ampliouse o prazo de execución e xustificación, así como o crédito. Deste modo, o importe total quedou en 11,05M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante a ampliación de crédito aprobada en abril de 2025 puidéronse incluír actuacións na provincia de Lugo como a da Casa da Fraga, cun investimento total de 260.100€ e unha axuda proposta de 233.573,45€, que prevé un aforro enerxético do 50 % mediante a substitución de varias portas e fiestras por carpintarías con marco PVC e vidro con control térmico; o cambio da caldeira de gas natural por unha bomba de xeotermia, incluíndo pozos e radiadores; e unha instalación fotovoltaica de autoconsumo.

Outra das actuacións, no Hostal Prados, busca un aforro enerxético do 68,75 % coa instalación dunha cuberta de panel sandwich; a retirada das caldeiras de gasóleo existentes e a instalación dunha caldeira de biomasa; o establecemento dunha instalación fotovoltaica para autoconsumo; e a substitución de distintos electrodomésticos. Está orzado un investimento de 163.513€, para o que se solicitou unha axuda de 143.482€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACOMETERÁ OBRAS POR MÁIS DE 2 M€ NO HOTEL POUSADA DE PORTOMARÍN PARA VOLVELO MÁIS EFICIENTE E SUSTENTABLE

O proxecto para mellorar as instalacións do aloxamento incluírá a construción dunha estación de recarga de coches eléctricos

O Consello da Xunta foi informado hoxe sobre o proxecto de actuacións para actualizar o hotel Pousada de Portomarín que inclúe varias actuacións de reforma e melloras de accesibilidade e da eficiencia enerxética do establecemento.

Este hotel é un antigo Parador de Turismo Nacional, construído en 1962 e adquirido pola Xunta de Galicia a través dunha cesión gratuíta por parte do Estado á comunidade galega no ano 1991. Tras desta operación, as instalacións foron ampliadas e reformadas para reconvertelo en Hotel Pousada de 3 estrelas.

O establecemento está situado no Camiño Francés, ao final da etapa Sarria-Portomarín. Esta ruta constitúe o itinerario xacobeo con maior tradición histórica, xa que a súa orixe se pode trazar, cando menos, no século XII, quedando recollida no *Codex Calixtinus*. É tamén a vía máis popular; segundo a Oficina do Peregrino, ata a primeira semana de maio en 2025, 43.405 persoas optaron por esta ruta, case o 47 % do total. A porcentaxe correspóndese practicamente a do total de 2024, cando 236.269 persoas recolleron a Compostela tras percorrer o Camiño Francés.

As instalacións da Pousada abranguen unha superficie de 6.221 m², dos cales 4.245 m² están construídos. O predio está situado nun lateral que contempla o río Miño e aproveita o desnivel do terreo para a localización de xardíns, terrazas e piscina, e conta con 32 habitacións e dúas suites. O establecemento conserva aínda parte do mobiliario e instalacións da súa época como Parador Nacional, polo que hai elementos que deben ser actualizados.

En concreto, a intervención proposta inclúe actuacións para solucionar humidades no inmovible e de accesibilidade, tanto nas instalacións interiores como na zona da piscina. Aproveitarase, ademais, para abordar melloras en temas de eficiencia enerxética, por exemplo coa substitución dos sistemas actuais de auga quente e climatización por instalacións de aerotermia; mediante traballos de optimización do illamento e de cambio na carpintaría exterior para renovar os materiais existentes; ou a través da actualización da iluminación. Tamén se instalarán paneis fotovoltaicos e unha estación de recarga de coches eléctricos.

Está previsto que as obras teñan un prazo de execución dun ano. O orzamento de execución por contrata ascende aos 2,05M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVALÍA AS MEDIDAS PRECISAS PARA GARANTIR O MANTEMENTO DOS SERVIZOS BÁSICOS GALEGOS NO CASO DUN NOVO APAGAMENTO

- O Consello do Goberno galego analizou propostas nas diferentes áreas co obxectivo de asegurar a atención á cidadanía
- Incídese na necesidade de que o Goberno central reforce as comunicacións no 112-Galicia, así como a integración física de Policía Nacional e Garda Civil nestas instalacións, entre outras accións
- Nos ámbitos escolar, de servizos sociais e sanitario propónse activar protocolos de actuación, ademais de diversas actuacións para asegurar o mantemento enerxético e das comunicacións

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, avaliou hoxe a batería de medidas propostas por distintos departamentos autonómicos para garantir o mantemento dos servizos básicos e a atención á cidadanía nos respectivos ámbitos no caso de producirse un apagamento como o rexistrado o luns 28 de abril en todo o Estado.

Segundo a análise presentada, a situación vivida nesa xornada puxo de manifesto a urxencia de que o Goberno central impulse a redundancia de operadores de telefonía que dean servizo ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112-Galicia para que non dependan dun único operador. Nesta liña, Rueda incidiu na necesidade “da integración física da Policía Nacional e da Garda Civil nas instalacións do 112 para unha mellor coordinación na xestión das emerxencias”, tal e como vén demandando a Xunta, e da interconexión dos equipos de comunicación dos corpos e forzas de seguridade con rede de comunicacións de emerxencias de Galicia Resgal.

Outra das melloras que se propón solicitarlle ao Estado é a recuperación da presenza da Unidade Militar de Emerxencias en Galicia, cun grupo estable na base da Brilat en Pontevedra.

Pola súa banda, o Goberno galego aposta tamén por mellorar os sistemas de comunicación nas instalacións do CIAE 112 con conexións por satélite, a instalación dunha matriz Tetra e conexión directa coa centraliña do 061. A maiores, propónse mellorar a autonomía enerxética e os sistemas de comunicación da rede Resgal para asegurar o seu funcionamento en caso dun apagamento.

Protocolos de actuación nos eidos escolar e social

No ámbito escolar, a Xunta de Galicia vai contar cun protocolo de actuación fronte a alertas e emerxencias, cuxa posta en marcha deriva da experiencia vivida neste apagamento. Este documento, que se axustará aos niveis e fases de emerxencias establecidos na normativa xeral, será a folla de ruta do sistema educativo a partir de agora para casos de alerta ou emerxencia, agás alertas meteorolóxicas, para o cal xa existe un protocolo específico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con carácter xeral, e salvo indicación expresa do contrario, o presidente da Xunta afirmou que “os centros permanecerán abertos aínda que non haxa actividade lectiva para facilitar a conciliación das familias”. Do mesmo xeito, todo o persoal docente e non docente deberá acudir ao seu posto de traballo no horario habitual, sempre que poida facelo en condicións de seguridade. O alumnado que acuda ao centro será atendido, pero non se poderán realizar actividades que impliquen avance nos contidos curriculares ou probas de avaliación.

Desde a Consellería de Política Social e Igualdade detectouse a necesidade de proceder á revisión e valoración de todos os grupos electrógenos das residencias de maiores e centros de atención á discapacidade, co obxectivo de comprobar a súa potencia de cara ao mantemento dos servizos básicos dos centros durante posibles situacións de emerxencia. Paralelamente, considérase necesario comprobar que os depósitos de combustible destes grupos electrógenos dispoñen de capacidade suficiente.

Ademais, valórase a posibilidade de realizar un protocolo básico de actuación en todas as residencias públicas en que se determine o xeito de proceder con respecto aos sistemas de apoio de enerxía, das comunicacións para realizar e de actuación no caso de darse algunha situación de emerxencia ou prolongarse a situación de perda de enerxía eléctrica do sistema.

Reforzo de comunicacións no eido sanitario e económico

No que se refire ao eido sanitario, Rueda afirmou que malia a que “a asistencia estivo garantida en todo momento”, desde a Xunta apostarase por reforzar os sistemas de alimentación interrompida dos centros de procesamento de datos do Servizo Galego de Saúde e sistemas de apoio, así como as redes de comunicación alternativas á dos operadores e obrigar as empresas que prestan servizos críticos a dispoñer tamén dunha segunda vía de comunicación para salvagardar o normal funcionamento das comunicacións.

Nesta mesma liña, poñerase en marcha un protocolo específico para “garantir a continuidade da atención dos pacientes que dependen de equipos conectados a rede eléctrica nos seus domicilios” e se fose preciso “garantir o seu traslado aos centros asistenciais”. Ademais, propónse triplicar a dotación da Rede Tetra actual nas áreas sanitarias, estendendo a dispoñibilidade de terminais, canto menos, aos equipos directivos e os de tecnoloxía. Outra das propostas de mellora incluídas céntrase na dotación a todos os hospitais e puntos de atención continuada dunha rede satelital de órbita baixa que permita, en caso de perda de conexión das comunicacións de voz e aplicacións críticas, dispoñer dunha rede de continxencia para poderlle dar continuidade aos servizos básicos.

Tamén se quere activar un protocolo de revisión periódica das conexións dos servizos esenciais, “ampliar o número de xeradores no ámbito da atención primaria” e elaborar un protocolo para garantir a subministración de combustible en situacións de cortes eléctricos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que atinxe aos servizos de Emerxencias Sanitarias (061) propónse levar as comunicacións a centrais públicas con xeradores autónomos e desprezar de forma inmediata unha rede satelital de órbita baixa. A batería de medidas no eido sanitario complétase cun plan de acción unificado en todas as áreas sanitarias para garantir a continuidade de atención a pacientes con dependencia de equipos médicos conectados á rede eléctrica, minimizando os riscos para a súa saúde en caso de interrupción da subministración eléctrica.

Por outro lado, como medida en conxunto ca Consellería de Economía, o presidente da Xunta indicou que se establecerá un protocolo coas empresas esenciais neste tipo de acontecementos e manterase unha comunicación "fluida e estandarizada" coas subministradoras de combustible e coas empresas eléctricas para ter coñecemento da evolución e das previsións do restablecemento do servizo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA MELLORA DO ABASTECIMENTO E DO SANEAMENTO NA PROVINCIA DE LUGO CON INVESTIMENTOS DE CASE 80 M€ EN MÁIS DUNHA VINTENA DE ACTUACIÓNS

- O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, traballa da man dos concellos en varios proxectos hidráulicos en diferentes fases de execución, deseño e licitación
- A explotación da estación depuradora de Ribadeo e a construción dunha nova EDAR en Foz son dúas das intervencións máis importantes que xa están en marcha na actualidade, cun orzamento total de 14,8 M€ e de 12 M€, respectivamente
- Tamén se están a definir os termos do futuro convenio de colaboración entre a Xunta e os concellos de Ribadeo e Trabada para executar a obra de mellora do abastecemento a ambos os municipios, cun importe estimado de 8,5 M€
- Os traballos construtivos das futuras EDAR de Burela e de Portomarín, cun custo estimado entre ambas de 12 M€, están listos para ser licitados este mesmo ano
- A medio prazo, o organismo hidráulico prevé executar a fase I da mellora do saneamento de Monterroso, por 10,7 M€, e o interceptor de augas residuais na N-540 ao seu paso por Lugo, por 4,4 M€, con proxectos xa redactados e en supervisión
- Estas actuacións dan continuidade aos 16,2 M€ investidos por Augas de Galicia na última década nas redes de saneamento e de depuración da provincia e aos 3,3 M€ concedidos desde o ano 2020 aos concellos a través de distintas liñas de axudas

A Xunta de Galicia avanza na mellora das redes de abastecemento e de saneamento na provincia de Lugo a través da planificación e execución de máis dunha vintena de actuacións hidráulicas cun investimento estimado de 80 millóns de euros, contía cofinanciada con fondos propios (aproximadamente nun 51 %), europeos e municipais.

Deste xeito, búscase mellorar a xestión dos recursos hídricos dispoñibles e o estado ambiental da provincia, o que contribuirá a impulsar tamén o desenvolvemento de actividades económicas claves como a pesca, o marisqueo ou o turismo, entre outras.

O Consello tomou razón hoxe dun informe sobre as intervencións e proxectos de maior calado con que o Executivo galego —a través do organismo público Augas de Galicia— ten previsto garantir e optimizar, a curto e medio prazo, a prestación dos servizos hidráulicos básicos nesta provincia, así como mellorar a preparación de determinadas zonas ante eventuais inundacións e outros efectos ligados ao cambio climático.

Entre eles, inclúense actuacións en distintas fases de tramitación, deseño e execución, como, por exemplo, a mellora do abastecemento aos municipios de Ribadeo e Trabada, a redacción do proxecto para dotar Outeiro de Rei dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) ou a media ducia de obras hidráulicas que están en marcha a día de hoxe en diferentes puntos da provincia.

En concreto, as intervencións actualmente en execución suman 36 millóns de euros, sendo as máis destacadas a explotación da nova EDAR de Ribadeo, cun custo de 14,8 millóns de euros ata 2031; os traballos de construción da depuradora de Foz, por un

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

importe de 12 millóns e con remate previsto ao longo de 2027, ou a fase I da actuación nos colectores xerais na zona portuaria de Burela, cun orzamento de 4,4 millóns.

Por outra banda, Augas de Galicia tamén ten preparados e listos para licitar a curto prazo outras seis actuacións, cun investimento global estimado en 22 millóns de euros. Así, cómpre destacar a mellora do abastecemento a Ribadeo e Trabada, obra cun importe estimado de 8,5 millóns e que requirirá da sinatura dun convenio entre a Xunta e ambos os concellos para establecer o marco de colaboración para a súa execución, documento en que xa se está a traballar.

Tamén con proxectos redactados, as futuras EDAR de Burela e de Portomarín, cun custo estimado de 8,7 millóns e 3,3 millóns, respectivamente, están listas para ser licitadas, previsiblemente este ano. E nos próximos días, está previsto asinar un convenio co concello de Palas de Rei para mellorar e ampliar as infraestruturas de abastecemento.

De forma máis inminente, entre maio e xuño, Augas de Galicia abrirá o proceso de adjudicación da reforma da liña de lodos da estación de tratamento de auga potable da Senra, que dá servizo a Cervo e Burela (400.000 euros), e das obras necesarias para reducir o risco de inundación no río Fontecova, en Viveiro (por case 1 millón de euros).

Por último, o organismo hidráulico traballa na redacción de proxectos clave a medio prazo para a provincia, ao tempo que supervisa desde o punto de vista técnico outras actuacións en diferentes fases de planificación en que prevé mobilizar arredor de 20 millóns de euros. Neste punto, colabora co concello de Outeiro de Rei na redacción da mellora dos colectores xerais e dunha nova EDAR, infraestrutura que permitirá satisfacer as necesidades actuais e futuras do municipio; e tamén ten contratada a elaboración de propostas para optimizar o saneamento do núcleo urbano de Ribadeo.

Ademais, tamén a medio prazo Augas de Galicia está a traballar na fase I da mellora do saneamento e depuración de Monterroso, cun orzamento de 10,7 millóns, e no proxecto do interceptor de augas residuais na N-540 en Esperante, ao seu paso pola cidade de Lugo, actuación cun custo estimado de 4,4 millóns de euros segundo o proxecto actual.

Preto de 20 M€ nos últimos anos

Todas estas obras supoñen avanzar e garantir a futuro a colaboración dos últimos anos entre Augas de Galicia e os concellos lucenses para optimizar os servizos relacionados coa auga, algo esencial para levar a cabo estas actuacións, xa que a planificación e execución conxunta permite que se primen as obras máis necesarias e se realicen de forma efectiva, optimizando recursos e mellorando a eficiencia das infraestruturas.

De feito, na última década, a Xunta ten participado en obras de gran envergadura para mellorar as infraestruturas hidráulicas da provincia lucense.

Así, o compromiso autonómico con estas actuacións non só inclúe a cofinanciación, senón tamén a colaboración estreita coas administracións locais, executando no período 2014-2024 obras de abastecemento e saneamento por un importe global de 16,2 millóns de euros. Neste sentido, un dos principais fitos acadados foi a execución da mellora na

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

rede de saneamento de Viveiro e a renovación da súa depuradora, cun investimento total de 7,6 millóns e cuxas obras foron entregadas ao concello o ano pasado.

Esta vontade de colaboración, en todo caso, tamén se traduciu en axudas económicas directas destinadas a mellorar as infraestruturas municipais existentes e a manter a prestación duns servizos de calidade á cidadanía.

Así, só nos últimos cinco anos Augas de Galicia concedeu nesta provincia achegas por un importe global de 3,3 millóns de euros coas que contribuíu a que os concellos beneficiarios estean hoxe mellor preparados para abordar os retos de futuro no eido da xestión da auga.

Colaboración cos concellos

Tanto as actuacións xa executadas como as que están actualmente en obras e en preparación nesta provincia teñen un impacto directo na mellora da calidade de vida dos lucenses, especialmente en aspectos relacionados co saneamento, a depuración das augas residuais, a protección ambiental a través do coidado da calidade das masas de auga e a garantía do abastecemento.

A mellora das infraestruturas hidráulicas, en todo caso, non só garante unha subministración de auga de mellor calidade senón que tamén mellora os ecosistemas acuáticos e axuda a reducir os riscos ambientais e para a saúde, proporcionándolle un maior benestar aos cidadáns e un contorno máis seguro e sustentable no que vivir.

De feito, Augas de Galicia avanza na súa colaboración coas entidades locais —que son as competentes en materia de abastecemento, saneamento e depuración— para contribuír a profesionalizar a xestión da auga, garantir o bo estado ecolóxico dos ríos e das rías da comunidade e a mellorar a calidade duns servizos que son básicos para a cidadanía.

Así, ese compromiso cos Gobernos locais manterase en 2025 cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 144 millóns de euros. Este investimento permitirá seguir optimizando o saneamento e o abastecemento mediante a mellora das infraestruturas, a divulgación e a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático no eido hídrico.

O obxectivo principal será facer un uso eficiente da auga e reducir a pegada hídrica na comunidade mediante investimentos nas redes de saneamento, depuración e traída municipais así como no apoio aos concellos a través de media ducia de liñas de axudas (que suman un orzamento global de preto de 7,5 millóns de euros), o deseño de mapas de riscos climáticos ou a creación de corredores verdes e de zonas de inundación controlada para reducir os asolagamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVARÁ A ACREDITACIÓN DE ESPECIALIZACIÓN DO CAMPUS TERRA DE LUGO POR CATRO ANOS MÁIS

- O Consello da Xunta analiza o avance do informe de avaliación, realizada por expertos externos entre febreiro e abril deste ano
- Suporá unha nova inxección económica por parte da Xunta de, polo menos, 4M€ que se sumará ao investimento de máis de 8,8M€ desde a posta en marcha da iniciativa

A Xunta de Galicia vai renovar a acreditación do Campus Terra como Campus de Especialización por catro anos máis. Así se desprende do informe analizado hoxe no Consello, que recolle un avance dos resultados da avaliación realizada por un comité externo entre febreiro e abril deste ano.

A re acreditación do campus lucense comportará unha nova inxección económica por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP. Para iso, asinarase un novo convenio coa Universidade de Santiago de Compostela cuxo importe se concretará proximamente, pero que superará os 4M€. Esta nova contía sumarase aos máis de 8,8M€ que o Goberno galego leva achegados a esta iniciativa desde a súa posta en marcha en 2013.

O Campus Terra de Lugo é o segundo campus galego que acadou a súa acreditación como Campus de Especialización, despois do Campus Industrial de Ferrol. O obxectivo deste proxecto é formar e captar os alumnos, técnicos e investigadores necesarios para o futuro do noso rural.

Neste sentido, o Campus Terra ten como obxectivo converterse nun referente científico e social nos ámbitos do coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e ambiental dos recursos da terra, o que supón unha gran oportunidade para a provincia de Lugo pola súa conexión co tecido socioeconómico da contorna e pola posibilidade de establecer sinerxías co sector primario.

Fortalezas e áreas de mellora

O avance de resultados do Comité Avaliador Externo destaca como fortalezas do Campus Terra o aliñamento da meirande parte das súas titulacións co ámbito de referencia agricultura, gandería, ambiente, veterinaria e saúde global. Co fin de fortalecelo, recomenda reforzar a identidade que propicia esta especialización.

O informe constata, así mesmo, a existencia de grupos de investigación moi activos e de alta calidade, así como o peso da investigación orientada á resolución de problemas concretos. Con todo, faise fincapé na necesidade de incrementar a actividade dalgúns grupos, especialmente en relación coa súa futura integración no Instituto de Saúde Global, un novo centro proposto pola Universidade de Santiago de Compostela para esta segunda fase do Campus Terra. Tamén se recomenda reforzar a investigación básica, fundamental para o progreso científico a longo prazo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, o Comité Avaliador Experto recomenda incrementar o número de alumnos matriculados e fortalecer a oferta docente en lingua inglesa para potenciar a proxección académica e investigadora do Campus Terra e mellorar a empregabilidade dos seus egresados en contextos nacionais e internacionais.

Prazos

A previsión é que o informe final completo do panel avaliador externo estea listo ao longo deste mes do maio, de tal forma que a renovación da acreditación se formalice en xuño.

A partir de aí, negociaranse a relación de indicadores de seguimento e avaliación do Campus Terra nesta nova fase e os termos do novo convenio. Deste xeito, o convenio para outorgar financiamento para o novo período asinaríase na segunda quincena de setembro.

Proceso de avaliación

O proceso de avaliación realízase a través dun Comité de avaliación externo e consistiu nun exame documental da traxectoria e do traballo realizado desde 2021 do Plan estratéxico para o próximo cuadrienio. Ademais, os membros do panel avaliador mantiveron entrevistas con distintos grupos de interese como grupos de investigación, empresas, investigadores mozos e alumnos, entre outros.

Neste marco, incluíronse visitas a distintas infraestruturas científicas como o Hospital Veterinario Rof Codina, o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), a Aula de Habilidades Clínicas na Facultade de Veterinaria ou o Laboratorio de Automatización de procesos robotizados EPSE.

Programa pioneiro

A Xunta de Galicia impulsa desde 2013 o programa Campus de Especialización, unha iniciativa pioneira en todo o Estado que ten o obxectivo de impulsar unhas universidades estreitamente ligadas ao territorio.

O Goberno galego leva investidos máis de 35M€ neste programa, que aposta por subliñar as fortalezas e potenciar as oportunidades de cada campus e dotar cada un deles dunha identidade propia, en función das potencialidades económicas da súa contorna.

Co obxectivo último de contribuír á mellora continua da dinámica de funcionamento dos Campus de Especialización, no ano 2019, púxose en marcha un proceso de acreditación destes. Ademais do Campus Terra e do Campus Industrial de Ferrol (Universidade da Coruña), conta con esta credencial o Campus Auga de Ourense (Universidade de Vigo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A XESTIÓN DA NOVA RESIDENCIA EN ANTAS DE ULLA, QUE CONTA CON 56 PRAZAS PÚBLICAS

A duración inicial do contrato é de dous anos e ten un orzamento base de licitación de 2,9 millóns de euros

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá ao inicio do proceso de contratación da xestión da nova residencia de maiores de Antas de Ulla. Deste xeito, dáse un paso máis para a próxima entrada en funcionamento deste centro, toda vez que as obras nel remataron o pasado mes de febreiro.

O Goberno galego destinou máis de 4 millóns de euros de fondos europeos do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia (MRR) para transformar un inmovble de apartamentos tutelados para 16 persoas maiores nunha moderna residencia de 56 prazas públicas. Nestes momentos, estase completando o seu equipamento, no cal se invisten outros 450.000 euros.

A Administración autonómica traballa coa previsión de que a residencia reciba os seus primeiros usuarios en setembro. A duración inicial do contrato para a xestión deste servizo é de dous anos, coa posibilidade de prorrogalo anualmente ata acadar unha duración máxima de cinco. O seu orzamento base de licitación é de 2,9 millóns de euros.

Tras a autorización por parte do Consello da Xunta, o seguinte paso é publicar o anuncio de licitación na Plataforma de contratos públicos de Galicia e no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE). A partir de entón, concederáse un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 24 M€ NA RENOVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS SANITARIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA CIDADE DE LUGO

- A Consellería de Sanidade iniciará no mes de xullo as obras de reforma integral do centro de saúde da Milagrosa, que suporán un investimento de 3,2 M€ e converterán un equipamento obsoleto e saturado nun espazo accesible e moderno
- O Goberno galego prevé a construción dun novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón, cun investimento inicialmente estimado en 4,8 M€
- A Consellería de Sanidade agarda pechar proximamente un acordo co Concello de Lugo para facilitar a execución do equipamento na parcela do colexio mediante o compromiso municipal de cesión, urbanización e mantemento dos terreos
- A Xunta investiu máis de 16 millóns de euros na execución en Lugo do primeiro Centro Integral de Saúde de Galicia, que entrou en servizo en novembro de 2023 no marco da recuperación global do Barrio da Residencia realizada polo Goberno galego
- Ese equipamento de vangarda unifica nun único espazo, entre outros, os servizos de medicina de familia, enfermaría, farmacia, nutrición, fisioterapia, traballo social e odontoloxía, ademais do PAC e a base do 061
- O CIS acolle as unidades de saúde mental do distrito sanitario de Lugo, con consultas de psiquiatría, psicoloxía, enfermaría especializada, programa de prevención do suicidio e hospital de día de adultos
- A Xunta destaca a contribución á rexeneración urbana dos investimentos impulsados para a renovación das infraestruturas de atención primaria

A Xunta está a investir 24 millóns de euros na renovación dos equipamentos sanitarios da cidade de Lugo, no marco do desenvolvemento do Plan de Infraestruturas de atención primaria de Galicia. Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello da Xunta pola Consellería de Sanidade, que inclúe as previsións sobre os centros de saúde da Milagrosa e do Sagrado Corazón e un balance sobre o ano e medio de funcionamento do Centro Integral de Saúde de Lugo, o CIS.

Así, tal e como recolle o informe, a Consellería de Sanidade prevé iniciar no vindeiro mes de xullo a execución das obras de reforma integral do centro de saúde da Milagrosa, licitadas por 3,2 millóns. Esta actuación está prevista na fase 1 do Plan de Infraestruturas sanitarias de atención primaria e permitirá transformar un equipamento obsoleto e saturado nun espazo accesible e moderno.

A reforma abrangue unha superficie construída de 1.643 m² que, incluíndo os espazos exteriores, ascende a 2.209 m². O prazo máximo de execución é de 18 meses, de forma que o obxectivo da Consellería de Sanidade é que as obras poidan estar rematadas a finais do vindeiro ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As instalacións do novo centro de saúde disporán dunha área asistencial de atención clínica con 7 consultas de medicina, 7 de enfermaría e unha consulta de infecciosos; ademais das correspondentes salas de técnicas, de toma de mostras e para traballo social.

A renovación das infraestruturas de atención primaria na cidade de Lugo inclúe tamén a construción dun novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón, para o que se estima inicialmente un orzamento duns 4,8 M€.

A Consellería de Sanidade aposta por construír este centro na parcela do antigo colexio do barrio do Sagrado Corazón, unha alternativa apoiada tamén de forma unánime polos grupos municipais do Concello de Lugo.

Nese contexto, a Xunta agarda poder chegar a un acordo co goberno municipal para impulsar esa actuación de acordo co modelo de colaboración seguido no resto de municipios, que pasa porque a Xunta constrúa o centro de saúde nunha parcela cedida polo concello, que asume, ademais, responsabilidades de urbanización e mantemento.

A construción do centro de saúde do Sagrado Corazón está prevista, tamén, na fase 1 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria co obxectivo de substituír o actual equipamento, localizado nun baixo de 561 m² dunha edificación residencial, distribuído en diferentes niveis, con instalacións obsoletas e falta de espazo para albergar novos servizos.

Coa execución das obras dos centros de saúde da Milagrosa e do Sagrado Corazón, a Xunta culminará a renovación dos equipamentos de atención primaria prevista na cidade de Lugo, con actuacións que contribúen, ademais, á rexeneración urbana.

Centro Integral de saúde

Esa achega é especialmente significativa no caso da primeira das actuacións realizadas ao abeiro dese plan, que foi a construción do Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo, o primeiro de Galicia destas características, que foi executado no marco da recuperación global do Barrio da Residencia.

O CIS, que entrou en servizo en novembro de 2023, responde a un novo modelo de espazos sanitarios que ten por finalidade concentrar nun só edificio a atención primaria ordinaria, a urxente (PAC) e determinados servizos especializados, de xeito que a cidadanía dispoña nun único centro dos coidados sanitarios máis frecuentes.

Como consecuencia dun investimento superior aos 16 millóns de euros cofinanciados con fondos Feder, o CIS de Lugo alberga a base do 061; o centro de saúde e PAC con 46 consultas; a área de saúde mental, con 22 consultas; e espazos destinados á atención

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especializada como saúde bucodental, nutrición fisioterapia, saúde da muller ou radiodiagnóstico.

O CIS de Lugo conta con todas as prestacións da carteira de servizos de atención primaria. O centro de saúde do CIS atende a poboación asignada a este e, provisionalmente, a do centro de saúde da Milagrosa con motivo das obras, o que supón 25.679 pacientes.

Para atender esta poboación dispón de 18 equipos de atención primaria con persoal médico, de enfermaría e administrativo, dos cales 12 son do propio centro de saúde do CIS e 6 do da Milagrosa, que están provisionalmente situados no CIS.

Destes 18 equipos, 14 teñen actividade de mañá, 3 de mañá ou tarde e un exclusivamente de tarde, o que significa que hai actividade programada de mañá e tarde, de luns a venres. Ademais, a carteira de servizos do centro de saúde abrangue todas as prestacións de atención primaria, destacando a incorporación dun nutricionista desde a súa apertura.

O centro dispón de sala de técnicas para realizar todos os procedementos que se fan en atención primaria, sendo referencia de cirurxía menor neste nivel asistencial para o conxunto do Servizo Galego de Saúde.

A actividade realizada durante ano é medio de funcionamento do CIS foi de 182.606 consultas de médico de familia, 102.895 de enfermaría, 9.800 de farmacia, 2.900 de nutrición, 2.000 de traballo social e 31.742 extraccións de sangue.

Respecto da unidade de odontoloxía, comprende todas as consultas de odontoloxía e hixienista dental para atender a poboación de Lugo cidade e outros servizos de atención primaria da provincia. En total, 5 odontólogos e 5 hixienistas, dispoñendo de oito salas dotadas de todo o material necesario, realizándose a actividade en quendas de mañá e tarde.

O traslado desta unidade levouse a cabo en xuño de 2024, sendo a actividade rexistrada desde esa data de 15.687 consultas de odontoloxía e 6.621 dos hixienistas.

A unidade de fisioterapia atende a poboación de Lugo cidade e de varios servizos de atención primaria da provincia. Dispón dunha zona de tratamento de máis de 300 m² na que traballan 6 fisioterapeutas con apoio dun técnico en coidados auxiliares de enfermaría e dous administrativos. A actividade realizada desde abril de 2024 foi de 47.568 tratamentos.

No que atinxe ao Punto de atención continuada para o Concello de Lugo e Friol localizado no CIS, conta cunha zona ampla de consultas e sala de críticos. Destaca unha zona de tratamentos e observación de pacientes, novidade no deseño dos PAC. As presencias actuais de persoal son catro equipos de médico e enfermaría todos os días e o correspondente apoio administrativo. A actividade realizada neste ano e medio no PAC foi de 59.984 atencións urxentes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo que respecta ás dúas unidades de saúde mental que atenden a poboación do distrito sanitario do HULA, ao redor de 190.000 adultos, están situadas no CIS. Contan con 18 consultas para médicos e persoal de enfermaría, ademais dunha sala de tratamentos, sala especial de terapias e zona de descanso, co correspondente apoio administrativo.

A maiores da actividade ambulatoria das dúas unidades de saúde mental, localízase nesta zona o Programa de Intervención Intensiva ao suicidio. O cadro de persoal para estes dispositivos é de 8 psiquiatras, 6 psicólogos clínicos e 3 enfermeiras especialistas, ademais dunha traballadora social e persoal de apoio administrativo.

A actividade realizada no último ano foi de 17.582 consultas de psiquiatría e 6.879 de psicoloxía. Aquí tamén se localiza o hospital de día de psiquiatría de adultos, contando con zona de tratamento e consulta e salas de terapia. Neste momento ten 46 pacientes no hospital de día, ademais de 25 que se seguen en consulta externa. Conta, entre outros profesionais, cun psiquiatra, un psicólogo clínico, un terapeuta ocupacional, un técnico en coidados auxiliares de enfermaría e un celador.

Tamén esta localizado no CIS o equipo de tratamento asertivo comunitario, modelo de atención en saúde mental que proporciona coidados intensivos e de apoio a persoas que realiza a súa actividade no domicilio dos pacientes e que conta cunha enfermeira especialista, un terapeuta ocupacional e co apoio do psiquiatra do hospital de día.

Respecto da base do 061 localizada no CIS, dispón de zonas de traballo, descanso e almacén de material, así como aparcadoiro para dúas ambulancias. Desde a súa apertura nesta nova localización fixéronse 2.048 mobilizacións, con servizo médico, enfermeiro, técnico e condutor.

Cómpre lembrar que a última incorporación á dotación do CIS é unha sala de radioloxía convencional que empezou a funcionar a finais de febreiro deste ano e que posibilitou aumentar a dotación de radioloxía para os equipos de atención primaria de Lugo cidade e doutros servizos de atención primaria da provincia.

Tamén destaca o papel importante que ten o CIS de Lugo como centro de formación de Medicina Familiar e Comunitaria e de Enfermaría Familiar e Comunitaria, contando con espazos de formación e cos correspondentes titores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE AO INVESTIMENTO DE 2,8 M€ PARA REFORZAR OS FALSOS TEITOS DO MATERNO INFANTIL DE OURENSE E HABILITAR OS ESPAZOS PARA O TRASLADO DA ÁREA DE HOSPITALIZACIÓN

- O Executivo galego deu conta da tramitación de emerxencia das actuacións para o traslado da área de hospitalización co obxectivo de dar tranquilidade e garantir a mellor asistencia aos pacientes tras o incidente do 29 de marzo nun falso teito
- A pesar de que a avaliación realizada polos técnicos constatou que a estrutura de formigón e metálica do edificio é estable, viuse aconsellable reforzar os falsos teitos, traballos que xa se están a ultimar e que se rematarán a mediados de maio
- Decidiuse, tamén, anticipar o traslado dos servizos de hospitalización do Materno, o que fai precisa unha adecuación de espazos, tendo resituados xa parte dos pacientes
- Para habilitar poder habilitar espazos, trasladáronse 30 camas de medicina interna e a planta 1 do Xeral de paliativos ao edificio Piñor e outras plantas do complexo hospitalario
- A semana pasada iniciouse a adecuación da planta 1 esquerda do edificio Xeral, que albergará gabinetes e consultas de xinecoloxía e obstetricia e tamén comezaron as actuacións na planta 4 do Xeral para adaptala para acoller a área de pediatría
- A planta 1 dereita do Xeral quedará baleira nas próximas semanas para poder destinala a hospitalización de xinecoloxía e obstetricia
- Nestes momentos xa se relocizaron 2 das 4 plantas de hospitalización do Materno Infantil e o traslado das dúas plantas que restan, pediatría e obstetricia, farase de xeito simultáneo, estando previsto culminar todo o traslado a comezos do verán

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe ás obras de reforzo dos falsos teitos do edificio do Materno Infantil de Ourense e ás actuacións para habilitar os espazos necesarios para o traslado da área de hospitalización, que suporán un investimento autonómico de 2,79 millóns de euros.

A Consellería de Sanidade deu conta hoxe ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia das actuacións necesarias para o traslado da área de hospitalización do Materno Infantil, acordada co obxectivo de dar tranquilidade aos usuarios e ao persoal sanitario e para garantir a mellor asistencia aos pacientes, logo do incidente rexistrado o pasado 29 de marzo nun falso teito.

A pesar de que a avaliación realizada polos técnicos e a monitorización levada a cabo no edificio constatou que non ten problemas estruturais e que conta cunha estrutura mixta de formigón e metálica estable, a inspección dos falsos teitos si fixo aconsellable reforzalos tras detectarse complicacións nas súas ancoraxes derivadas das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

intervencións efectuadas en pasados anos para instalar os condutos do aire acondicionado.

Estas circunstancias, unidas ao feito de que actuar en todos os falsos teitos do edificio suporía afeccións á actividade asistencial durante semanas e a que xa estaba previsto o traslado do Materno para proceder á construción dun novo edificio, levou á Consellería de Sanidade e á Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras a adiantar o traslado da área de hospitalización.

Para tal fin, deseñouse unha completa planificación dos traballos que era preciso realizar, comezando polo reforzo dos falsos teitos nas partes do Materno que se manterán en uso ata a construción do novo edificio, principalmente a planta 0 que alberga as consultas, xunto cun plan de traslado para liberar e adecuar distintos espazos do Complexo Hospitalario ourensán co fin de que poidan acoller as catro plantas de hospitalización do Materno.

O plan de traslado deseñado require diversas intervencións: o traslado da planta 1 do Xeral (coidados paliativos) e 30 doentes de medicina interna á planta 1 do edificio Piñor e a outras plantas do complexo hospitalario; o acondicionamento da planta 1 esquerda do Xeral para gabinetes e consultas de xinecología e obstetricia; o traslado dos dormitorios de médicos de garda da planta 4 á planta 6 do Xeral, así como consultas de medicina interna; habilitar para habitacións a planta 4 esquerda do Xeral para localizar pediatría e biberonaría, que hoxe están nas plantas 2 e 3 do Materno; habilitar espazos para 2 paritorios e 2 salas de dilatación na actual área de cirurxía maior ambulatoria; trasladar a UCI pediátrica e neonatos á planta 4 dereita do Xeral, onde están as instalacións da UCI; liberar a planta 1 do edificio Materno, levando 3 consultas de xinecología ao Xeral; e liberar a planta 2 do Materno, co traslado das áreas de sindicatos e biblioteca a zonas con falsos teitos reforzados, así como acondicionamento das súas zonas de acceso.

Traballos avanzados coa previsión de culminalos a comezos do verán

As actuacións iniciáronse na semana do 7 de abril nos falsos teitos do Materno Infantil. Estes traballos fóronse realizando por fases, para interferir o menos posible na actividade asistencial. Nestes momentos xa se teñen substituído 1.500 metros cadrados de falsos teitos e a previsión é que a finais desta mesma semana estea inspeccionada o 100 % da planta 0 do Materno Infantil e substituídos os teitos necesarios dese andar.

De xeito paralelo estanse a realizar diversas obras para liberar e habilitar os espazos necesarios para o traslado das áreas de hospitalización. Así, a planta 1 do Xeral de paliativos e 30 doentes de medicina interna foron resituados na planta 1 do edificio de Piñor e noutras plantas do complexo.

O pasado luns, día 5 de maio, iniciáronse as actuacións de adecuación na planta 1 esquerda do edificio Xeral, que xa está baleira e que albergará gabinetes e consultas de xinecología e obstetricia. A semana pasada tamén comezaron os traballos na planta 4 do edificio Xeral para adaptala e que poida albergar as áreas de pediatría e biberonaría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A planta 1 dereita do Xeral quedará baleira nas próximas semanas para acoller a hospitalización de xinecoloxía e obstetricia.

Cando estean habilitados eses novos espazos, os traslados dos servizos de pediatría e obstetricia faranse de xeito simultáneo, por operativa e por garantir a mellor asistencia ás nais e aos bebés.

Nestes momentos xa están resituadas 2 das 4 plantas de hospitalización do Materno Infantil de Ourense. A Consellería de Sanidade traballa coa previsión de culminar o traslado de toda a área de hospitalización do Materno Infantil a comezos do verán.

A Xunta está inmersa nunha completa renovación do Complexo Hospitalario de Ourense, cun investimento de máis de 52 millóns de euros que prevé a construción dun novo edificio de hospitalización e a construción dun novo Hospital Materno Infantil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PUBLICARÁ ESTE ANO O PLAN DE CONSERVACIÓN E XESTIÓN DA MURALLA ROMANA DE LUGO

- O Consello avalía a folla de ruta en que se establecen as necesidades do monumento declarado hai 25 anos Patrimonio da Humanidade
- O documento, a cuxa redacción se destinaron preto de 125.000€, está actualmente en supervisión e recolle as liñas de actuación para os próximos anos
- Ao abeiro deste plan asígnase unha partida anual de 500.000€ para o seu mantemento en liña cos traballos nos cubos XVIII e LXXI, actualmente en execución
- Desde o recoñecemento da Unesco, no ano 2000, o Goberno galego destinou a este ben máis de 10 M€ en intervencións de consolidación e restauración
- Nestes 25 anos acadouse o equilibrio entre a conservación das fábricas romanas e a biodiversidade da infraestrutura

A Xunta de Galicia presentará este ano a folla de ruta para a protección da Muralla de Lugo derivada da súa declaración como Patrimonio da Humanidade. Así se deu conta hoxe no Consello, onde se avaliou o informe sobre o Plan de conservación e xestión da muralla romana de Lugo que, co horizonte do ano 2027, establece as necesidades do monumento e cuxa redacción, á cal se destinou un orzamento de case 125.000€, está actualmente en supervisión. Este documento, que fixa as liñas de actuación necesarias, inclúe tamén unha partida anual de 500.000€ para tarefas de mantemento como as que están actualmente en marcha nos cubos XVIII e LXXI.

Así, coincidindo co 25 aniversario do recoñecemento da Unesco, o Goberno galego sacará á luz este documento que é un requisito fundamental do organismo para os bens que posúen valores universais excepcionais como, neste caso, a conservación do seu trazado orixinal. Neste senso, elaborouse un instrumento de xestión integral que fixa o marco de orientación para as diversas actuacións e axentes implicados na protección e difusión dos valores culturais da Muralla. Todo isto co obxecto de preservar este elemento patrimonial tan senlleiro, afondar no seu coñecemento e definir as liñas de traballo de cara o futuro no eido da súa conservación e desenvolvemento sustentable de xeito compatible cos seus valores históricos e identitarios.

O documento, que parte dun estudo fundamentado nos valores deste ben patrimonial, avalía as súas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, para a establecer unha estratexia de xestión que garanta a preservación dos seus atributos únicos para as xeracións presentes e futuras. Así, nel descríbense as súas características e a súa historia, así como as súas patoloxías construtivas e funcionais. Ademais, defínense as condicións para o seu mantemento e as súas necesidades de conservación e restauración. Tamén analiza o potencial do monumento para o desenvolvemento dunha proposta de usos e visitas compatible cos seus valores culturais, ao tempo que se fomenta como un referente social e económico para Lugo.

Actuacións no Cubo XVIII e no lenzo interior do Cubo LXXI

Aliñadas a esta folla de ruta, actualmente estanse a desenvolver actuacións no cubo XVIII e no lenzo interior do cubo LXXI cun importa total de 589.000€. Así, o primeiro dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proxectos enfócase nos danos relacionados con fisuras e falta de morteiro nas xuntas, así como nas filtracións de auga que provocan esas disgregacións. Ao respecto, os traballos céntranse no desmonte dos muros de cachotaría e o aproveitamento do material pétreo seleccionado, baixo supervisión arqueolóxica, para a súa recolocación, garantindo a seguridade do tráfico peonil e rodado durante obras.

En canto ao outro cubo, tamén afectado por filtracións que proveñen do adarve, está a ser obxecto dunha intervención para corrixir a situación con métodos similares aos realizados noutros puntos da estrutura. Neste senso, a escaleira quedará exhumada e, logo de protexer os banzos, será un novo acceso á Muralla.

Máis de 10 M€ investidos desde o ano 2000

Desde a declaración de Patrimonio da Humanidade, no ano 2000, a Xunta de Galicia leva investidos máis de 10M€ neste monumento. Así, as partidas máis elevadas dos últimos anos correspóndense con distintos plans de acción como o Plan de obras de conservación e mantemento 2021-2022, ao cal se destinaron 720.297€, ou o Plan de mantemento do período 2015-2016, que contou cun orzamento de 611.793€.

No marco destes investimentos, ademais da restauración dos diversos cubos, destacan nos últimos anos as obras de rehabilitación na Porta Miñá, cunha achega de 206.181€ no 2014, ou a instalación dun ascensor de acceso ao adarve, xunto aos xardíns da deputación, que melloraron a accesibilidade e a posta de valor do monumento para o goce da veciñanza.

Durante estes 25 anos, a través das continuas intervencións de mantemento e restauración sobre o monumento, o Goberno galego conseguiu conservar as fábricas romanas e manter o equilibrio coa biodiversidade da Muralla, logrando que o ben se manteña limpo, sexa accesible e estea nas mellores condicións de conservación. Uns obxectivos que continuarán sendo a base do Plan de conservación e xestión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA XA MOBILIZOU MÁIS DE 262 M€ NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC, UN 45 % DO PROGRAMADO PARA O PERÍODO 2023-2027

- Este grao de execución financeira supón que xa se mobilizou un gasto público total de máis de 369,6 millóns de euros
- O investimento permitiu levar a cabo algunhas das subintervencións máis destacables da Consellería do Medio Rural, como as achegas para fomentar a remuda xeracional ou o programa Leader

No marco do Comité de Seguimento Rexional do Plan estratéxico da política agraria común (Pepac) 2023-2027, o Consello da Xunta avaliou o grao de execución financeira dos informes anuais das diferentes intervencións realizadas con cargo ao Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Pepac. Con base neste informe, Galicia xa executou o 45 % -máis de 262 millóns de euros- do orzamento programado para este período, que ascende a un total de 579 millóns de euros. Esta execución supón que xa se mobilizou un gasto público total de máis de 369,6 millóns de euros.

Este investimento permitiu levar a cabo algunhas das subintervencións máis salientables da Consellería do Medio Rural. Entre elas, destacan os plans de mellora e a incorporación de mozos e novos activos ao agro, cun orzamento conxunto de 45,8 millóns de euros. Estes fondos permitiron beneficiar 320 mozos, 133 novos agricultores e 370 explotacións. A medida procura fomentar a remuda xeracional no agro, así como promover a mellora e modernización das explotacións.

Seguindo esta liña, cómpre lembrar o programa Leader, que xa mobilizou un gasto público total que ascende aos 23,9 millóns de euros. A intervención busca impulsar o desenvolvemento rural a través dunha estratexia plenamente participativa e baseada nun enfoque “de abaixo a arriba”, de forma que se garanta a participación activa dos principais axentes locais. Esta intervención ten unha repercusión moi positiva sobre o tecido social e económico das zonas rurais xa que procura mellorar as condicións para crear e manter emprego no medio rural e dinamizar o tecido socioeconómico destas contornas.

Asemade, inclúense tamén as diferentes achegas enmarcadas na PAC, como os compromisos agroambientais en superficies agrarias ou as axudas a zonas con limitacións naturais; o investimento para previr os danos causados por incendios en bosques ou as subvencións para a transformación e comercialización de produtos agroalimentarios, entre outras.

O Plan Estratéxico da PAC

O Pepac inclúe intervencións ou medidas que se aplicarán entre 2023 e 2027 para dar resposta ás necesidades do campo e acadar os obxectivos marcados no Pacto Verde Europeo. Este plan ten como obxectivo o desenvolvemento sustentable da agricultura, a alimentación e as zonas rurais para garantir a seguridade alimentaria da sociedade a través dun sector competitivo e un medio rural vivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA CREACIÓN DUNHA NOVA OFICINA RURAL NO CONCELLO LUCENSE DA PASTORIZA

- A actuación ten como obxectivo mellorar a atención e eficacia dos servizos veterinarios oficiais neste territorio, cunha alta actividade agraria e gandeira, reforzando a presenza administrativa nestas contornas
- Estará situada na planta baixa da casa consistorial desta localidade e contará cunha entrada independente
- Contará cun posto de veterinario e de persoal administrativo e permitirá reforzar a atención directa ao sector gandeiro
- Estímase que as adaptacións necesarias para acondicionar o local ao seu novo uso ascendan ata os 30.000 euros e prevese que estea en funcionamento antes do comezo do verán

A Consellería do Medio Rural creará unha nova oficina rural no concello lucense da Pastoriza, co obxectivo de mellorar a atención e eficacia dos servizos veterinarios oficiais neste territorio, cunha alta actividade agraria e gandeira, reforzando a presenza administrativa no medio rural. Así o recolle un informe do que tomou razón hoxe o Consello da Xunta.

A nova oficina estará situada na planta baixa da casa consistorial dese mesmo concello, que xa adoptou o acordo para a súa cesión. Neste sentido, habilitarase un espazo de 53 metros cadrados que contará cunha entrada independente desde a rúa. Esta área contará con dous espazos conectados, para o persoal técnico dos servizos veterinarios e outro para administración e atención ao público.

Así, estará dotada cun posto de veterinario e de persoal administrativo, e permitirá reforzar a atención directa ao sector gandeiro e prestar cobertura tamén a outros concellos da contorna, se for necesario. Estímase que as adaptacións necesarias para acondicionar o local ao seu novo uso ascendan ata os 30.000 euros. Asemade, prevese que a oficina estea en funcionamento antes do comezo do verán.

Rede de oficinas rurais

O Executivo autonómico conta cunha ampla rede de oficinas rurais espalladas por toda Galicia integrada por un total de 68 instalacións -contando coa futura sede da Pastoriza-. Estas instalacións destacan pola súa proximidade á poboación rural e a presenza de persoal cualificado, co fin último de cubrir as necesidades destes territorios.